

## as pontes

Arranca o programa anual de actividades das xornadas microlóxicas. **Páx. 6**

## friol

Máis de 1.600 fogares accederán a internet ultrarrápido no 2024. **Páx. 10**

## castro de rei

Coñecemos un pouco máis aos representantes dos partidos na oposición. **Páx. 14**

## muras

O Concello investirá 506.000 euros en diferentes proxectos na zona rural. **Páx. 23**

## deportes

O pontés Miguel Alvariño retirase da carreira dos Xogos Olímpicos **Páx. 28**

## A Moexmu entra con premio na corentena



## Friol e Vilalba convocan senllas feiras do queixo

Abren a tempada de celebracións gastronómicas, a primeira o 24 de marzo. **Páx. 2 e 11**

## O PP foi a forza máis votada nas eleccións do 18F

Analizamos polo miúdo os resultados e as valoracións dos cambios que ofreceron as urnas. **Páx. 26**

## Biblioteca de Vilalba



Abriu o novo espazo logo dunha rehabilitación de tres meses. **Páx. 3**

## Entrevista



Falamos con María López Prado, nova presidenta da Asapa. **Páx.12**

## Máster de Fútbolín



Rábade acollerá en Semana Santa a edición número 25. **Páx.19**

## A Deputación reclama á Xunta investimentos

O Pleno urxe ao Goberno Galego un plan para os proxectos así como melloras noutros eidos. **Páx. 27**

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

Rúa Plácido Peña, 9, Bajo Vilalba  
982 51 01 00  
Av. Galicia, 91, As Pontes  
981 451 504

**2X1**  
PARA TÍ OU  
PARA QUEN TÍ  
QUEIRAS



## O Concello xestionará os servizos dos colexios

O Concello planifica xa o curso escolar 2024/25, no que xestionará diferentes servizos dos que se benefician preto de 200 familias da vila. O concello asumiu en 2021 a xestión do servizo de Madrugadores nos centros de Educación Infantil e Primaria de Vilalba, cun investimento por curso duns 20.000 euros e 60 prazas, que permiten que as nais e os pais poidan chegar aos seus postos de traballo. Tamén é de xestión municipal o comedor da Escola de Educación Infantil, que este curso ofreceu 68 prazas en dúas quendas para nenos e nenas de 3 a 6 anos. O investimento por parte do concello supera os 81.000 euros neste curso. Ademais, o concello xestiona a escola infantil municipal, con 42 prazas este curso. Os orzamentos

municipais de 2024 destinan unha partida de case 200.000 euros a este servizo.

A estes servizos, que supoñen un gasto total por curso de 300.000 euros, unírase o novo Punto de Atención á Infancia, para o que o concello obtivo a finais de 2023 unha subvención de 123.707 euros. Dará servizo a 20 nenos e nenas de 0 a 3 anos e as súas familias. Á marxe destes servizos, o Concello destina 70.000 euros por curso ao convenio co Consorcio Galego de Benestar por ter unha escola infantil Galiña Azul en Vilalba, e asume o custo da limpeza e a conserxería de todos os centros, nos que tamén realiza as tarefas de mantemento. Destina por outra parte todos os cursos unha partida de 15.000 euros a axudas para material escolar.

## A vila prepárase para celebrar a Festa do Queixo San Simón

Vilalba prepárase para vivir os días 6 e 7 de abril unha nova edición da súa Festa do Queixo da San Simón da Costa, que leva apareladas numerosas actividades cunha gran relevancia e onde o prato estrela é este lácteo de fama internacional. A Feira do Queixo da San Simón da Costa chega á súa vixésimo oitava edición.

A localidade contara con dous días de feira novamente, que terán o seu punto de reunión na praza da Constitución, onde se colocarán os postos de artesáns e produtos gastronómicos.

O programa dará comezo o sábado día 6 ás 11.30 horas co actuación musical de Buxos Verdes, ante de iniciar a primeira actividade, unha cata maridaxe de queixos San Si-



món con viños galegos. Estará a cargo de Mercedes González e Salomé Beiroa.

Pola tarde, será o tempo dos nenos, entre as 16.30 e as 19.00 horas con dous talleres, un de elaboración de queixos e o outro de

cociña.

Xa ás 19.00 horas será a quenda do pregón no templete da praza que nesta ocasión corre a cargo do actor Sergio Pazos.

Logo da entrega de premios da proba BTT, a xornada rematará cun concerto de The Rapants na praza de Santa María.

A feira abrirá as súas portas ás 11.00 horas o sábado pero o domingo será máis madrugadora, ás 10.00. Durante o resto da mañá actuará o grupo musical Cerna de Árbol.

Novamente espérase que acudan un gran número de produtores de queixo San Simón, que combinarán os seus postos con outros de alimentación e artesanía, como todos os anos.

### CONSELLO LOCAL DA INFANCIA E ADOLESCENCIA



O Consello Local da Infancia e Adolescencia celebrou a súa primeira sesión ordinaria no Salón de Plenos do Concello de Vilalba. Nesta primeira xuntanza os e as membros do Consello tomaron posesión e recibiron algunhas pautas sobre o regulamento do órgano de representación da infancia e da mocidade.

## Vilalba inviste o Plan Deputación en nove obras e en crear emprego

O Concello de Vilalba acometerá nove obras no casco urbano e as parroquias con cargo ao Plan Único 2024 da Deputación de Lugo, mellorando desta forma as infraestruturas públicas municipais.

Ademais, o concello contratará a 8 traballadores e haberá unha aportación de 70.000 euros para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), dos que 28.122,59 euros proceden da Deputación e 41.877,41 euros corresponden a unha aportación voluntaria.

As obras previstas son a reforma do acceso e da cuberta do almacén do estadio municipal Madalena; a renovación do pavimento da pista do pavillón polideportivo do CEIP Manuel Mato Vizoso; unha obra de paso no lugar de A Ribeira, na parroquia de Samarugo, e as repavimentacións da rúa Conde Pallares e da travesía que une a avenida Terra Cha coa rúa Mondoñedo.

Tamén está prevista a instalación de aire acondicionado na escola infantil

municipal; a mellora da rúa da praza da Constitución; a mellora de accesos ao barrio da Abelaira, na parroquia de Corvelle, e ao barrio de Pícol, en Árbol; o pintado de varias rúas no casco urbano, e o subministro de luminarias solares.

As contratacións de traballadores/as serán de dous peóns de obras; un chofer de camión-palista; un xardiñeiro; un electricista; un administrativo; un técnico medio, e un técnico en turismo.

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias • Festivales  
Fiestas • Infantil  
Humor • Gastronomía  
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!  
**OCIO EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com



## Os investimentos na zona rural

O tenente de alcalde Modesto Renda anunciou durante o pasado mes a posta en marcha de numerosas obras de mellora na rede viaria municipal. Unha destas accións realizouse na parroquia de Xoibán. Trátase do acceso á Igrexa e os traballos de rexeneración realizados ó longo da pasada semana superaron os 7.500€.

Tamén anunciou o fin da obra de mellora da vía que une os barrios do Carboeiro e Vilariz, na parroquia de Oleiros. O custe desta nova actuación foi de 15.652 euros e o financiamento foi ao 100% municipal.

O Concello rexenerou o vial de acceso ao núcleo de Pedras, en Corvelle, unha actuación que ascendeu ós 20.904 euros e que se complementou coa mellora dos tramos en peor estado das vías que unen esta parroquia coa de Samarugo.

Renda referiuse tamén á renovación



e mellora da vía que lle dá acceso ao barrio da Abelaira, na parroquia de Román. O custo total desta nova actuación, que incluíu a pavimentación de varias interseccións, ascendeu aos 9.012 euros e o financiamento foi ó 100% municipal.

Anunciou unha nova mellora na rede viaria, desta volta no vial que une as localidades de Gondaisque e Distriz.

A obra está financiada ao 100% con

fondos municipais, o custe total da actuación alcanzou os 31.138 euros e é necesaria limpeza de cunetas, seguille o reforzo da base do firme, a pavimentación mediante dobre rega asfáltica e a sinalización vertical.

Tamén se actuou na vía que une Codesido, Tardade e Distriz. A obra, que chegou aos dous quilómetros e medio de ámbito de actuación, tivo un custe de 44.977 euros.

## Os socialistas piden ao Goberno galego “diálogo e un cambio de postura”

A Agrupación Socialista lamenta “o ataque gratuito do PP ante as demandas do concello e da alcaldesa, que o único que pretende é mellorar a vida dos nosos veciños”.

Tanto a alcaldesa como os socialistas de Vilalba felicitaron a Alfonso Rueda polo seu resultado electoral, pero tamén lle piden “máis diálogo e un cambio de postura con respecto a Vilalba por parte da Xunta, xa que así o merecen os nosos veciños e veciñas. Ante estas demandas en positivo, o PP recorre a falsidades para culpar ao concello de mala xestión e de perder subvencións, cando saben que non é así”, asegura Eduardo Vidal, secretario xeral.

“O PP coñece a realidade de cada situación que denuncia e sabe que o Goberno vilabés ten obrado con responsabilidade e dilixencia, como no caso da reforma da casa consistorial, no que hai solicitada unha prórroga do prazo de execución por un problema da empresa adjudicataria, non do concello”, explica Vidal.

O PSOE apunta que “o único que sabe facer o PP é malinformar para desacreditar tanto á alcaldesa como ao Goberno local, situación que non nos colle de novo: información sesgada, propagación de bulos e cero propostas para xustificar o desprezo da Xunta”.

## Dous pediatras incorpóranse ao centro de saúde, afirma o PP

“O Goberno galego demostra o compromiso con Vilalba e coa sanidade pública con feitos”, segundo destacan os populares. “Tras convocar un procedemento para a cobertura de pediatras de atención primaria, neste mes de marzo incorporáranse dous profesionais con praza fixa ao centro de saúde de Vilalba que está previsto que atendan en horario de mañá”, explican. “É unha boa nova para as familias vilalbesas que levabamos tempo agardando e que agora se fai realidade”, subliñan.

Isto é posible grazas á resolución dun concurso de méritos para prazas sanitarias que levaban tempo vacantes -que incluía 60 prazas de

pediatras en centros de saúde e 12 en hospitais comarcais- e que se realizou a través da Lei 2/2022 de medidas extraordinarias para a provisión de postos de difícil cobertura, aprobada no Parlamento co voto en contra de BNG e PSdeG. Os socialistas de Vilalba aseguran que “a Xunta de Galicia reacciona tarde e despois de numerosas queixas veciñais” coa súa decisión de dotar de dous novos pediatras ao centro de saúde da vila.

“A decisión chega despois de que os pais e nais de Vilalba presentaran reclamacións ao atoparse algúns días sen pediatra o centro de saúde”, lembra Eduardo Vidal, secretario xeral do PSOE local.

## Reabre unha renovada biblioteca

Vilalba conta xa cunha renovada Biblioteca Municipal, tras as obras de remodelación levadas a cabo durante os últimos tres meses para acondicionar o espazo. Cun orzamento de 35.443,82 euros, incluíron como principais actuacións o cambio de fiestras (11.045,9 euros); a instalación de mobiliario novo (12.169 euros), e a substitución do antigo chan por tarima flotante (7.749,41 euros). “Con esta reforma, poñemos a disposición de todas as persoas usuarias da Biblioteca un espazo acondicionado e máis cómodo, o fomento dos hábitos de lectura desde idades moi temperás é unha prioridade para nós”, asegura a alcaldesa.

“A Biblioteca ten que ser un espazo agradable, acoledor, no que dean ganas de pasar o tempo, e esta re-



forma está pensada con esa finalidade; ademais, fixéronse cambios fundamentais no mobiliario, como as novas fiestras que nos permiten reforzar a seguridade dos usuarios e usuarias e ser máis eficientes energeticamente”, engadiu Rouco.

Coa remodelación, o concello pintou

tamén toda a zona de lectura, tanto a infantil como a de adultos; adquiriu novos estantes; un aparato para imprimir os carnés de socio; creouse unha esquina na zona infantil para un recuncho de lectura, e instaláronse baldas novas que permitiron crear novas seccións.

**PREFABRICADOS  
Y HIERROS  
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO  
SERVICIO:  
PLANTA DE  
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694  
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros  
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com



## Activadas as cámaras do tráfico na rúa da Pravia

O Concello de Vilalba e a Policía Local activaron as cámaras de control de tráfico situadas na rúa da Pravia, captando tamén imaxes da avenida de Galicia, rúa Plácido Peña, Campo de Puente e Conde Pallares.

“A rúa da Pravia e a súa contorna son a arteria principal do casco urbano de Vilalba, unha zona que temos que coidar evitando as infraccións de tráfico que poñen en risco a seguridade e garantindo o uso correcto dos espazos públicos e comúns”, asegura a alcaldesa.

As cámaras están situadas en zonas consideradas conflictivas polos estacionamentos indebidos, o exceso de velocidade ou os vehículos que non respectan os espazos verdes.

As imaxes poden ser utilizadas como proba para sancionar os vehículos infractores sen a presenza policial e teñen un sistema de funcionamento que almacena as

imaxes nunha base de datos, co obxectivo de poder recuperalas no caso de ser necesario.

As cámaras servirán tamén para garantir a seguridade nos pasos de peóns e nas rotondas e a Policía local as utilizará de axuda no caso de necesitar probas nun atropelo ou accidente. Estarán operativas as 24 horas.

O concello lembra ademais a importancia de respectar os horarios e o tempo máximo de estacionamento da Zona Azul, unha medida que dinamiza a actividade comercial de Vilalba. Funciona de luns a sábado de 09:00 a 14:00 horas, estando permitido o estacionamento gratuito durante 90 minutos.

Nas zonas de carga e descarga está prohibido estacionar os días laborables de 09:00 a 13:30 horas e de 16:00 a 19:00 horas, e os sábados laborables de 09:00 a 13:30 horas.

## O PP urxe o repintado dos pasos de peóns e preocúpase polas achegas

Os concelleiros do PP de Vilalba urxen ao goberno bipartito a levar a cabo o repintado dos pasos de peóns. Os populares advirten dalgunos que están practicamente des pintados e “como non se vén, poden resultar perigosos para os usuarios que crucen nas rúas coma a da Emigración, Luis González Valdesuso, Novo Cazón ou de Ribadeo”.

A portavoz, Sandra López, convida ao goberno bipartito a atender os asuntos do día a día que son de competencia municipal coma a revisión dos pasos de peóns para determinar cando se debe actuar para evitar que cheguen a un punto de descoido pola falta de previsión do goberno local que resulte perigoso para a seguridade viaria.

Nese sentido, os populares piden un plan de actuación serio que recolla intervencións periódicas apoiadas nas correspondentes partidas orzamentarias previamente previstas.

López incide na necesidade de pintar os pasos de peóns do casco urbano para que sexan perfectamente visibles; pero, subliña, concretamente a conveniencia de mantelos en boas condicións na zona próxima á escola infantil e á gardería municipal pola maior afluencia de familias con nenos pequenos, tendo en conta que tamén se sitúa na zona un parque infantil.

**SUBVENCIÓNS.** O Grupo Municipal do PP de Vilalba convida á alcaldesa socialista e ao seu equipo de goberno a “preocuparse por xestionar debidamente os asuntos de competencia municipal” porque “a súa mala xestión supón “a perda de subvencións doutras administracións”.

Ante as declaracións da alcaldesa poñendo deberes ao Goberno autonómico, os populares convidan á se-



ñora Rouco a “cumprir coa súa parte” porque cren que “o que merecen os nosos veciños é que o goberno local atenda ás súas competencias” e “non perda máis subvencións” porque “se o Concello non recibe eses apoios por non cumprir coa súa parte, os custes teranos que pagar todos os vilalbeses”.

Á perda dunha axuda de 50.000

euros para a praza Emigración e de 193.000 euros para a rúa do Calvario no anterior mandato, hai que engadir outras subvencións perdidas neste mandato coma os 193.000 para o camiño do Cotarón, os 140.000 aos que renunciaron para mellorar o CEIP Mato Vizoso e o anexo da Madalena ou os 46.000 para mellorar a rede de abastecemento de auga”.

### VISITA DE RUEDA A ENTREPINARES



Alfonso Rueda gabou a implicación con Galicia de industrias lácteas como o grupo Entrepinares e amosou “toda a disposición” do Goberno galego en seguir apoiando con medidas iniciativas deste tipo que xeran riqueza e emprego local. Garantiu tamén o apoio do Goberno galego para acadar o 75 % do leite transformado en Galicia para o ano 2025.

### CARTA ABERTA AOS VILALBESES

*O pasado 18 de febreiro celebráronse as eleccións autonómicas nas que o Partido Popular obtivo unha nova maioría absoluta en Galicia. A maioría dos galegos apoiaron o proxecto de Alfonso Rueda e queren que sexa o noso presidente nos vindeiros catro anos.*

*Á vitoria electoral do Partido Popular de Galicia, Vilalba aportou 4.582 votos. É por iso polo que quero agradecervos o voso apoio á candidatura que encabezaba na nosa provincia a presidenta do PP lucense, Elena Candia. Gracias aos votantes do PP pola confianza, aos afiliados e simpatizantes polo seu traballo continuo e o seu esforzo na campaña electoral. Gracias tamén a tódolos vilalbeses que acudiron a*

*votar por participar nesta cita que é relevante para o futuro da nosa comunidade e tamén aos que non foron votar, por diversos motivos, por respectar a festa da democracia.*

*Tras esta nova cita electoral, dende o PP de Vilalba seguiremos traballando por Vilalba e por tódolos vilalbeses e vilalbesas referendados polas urnas. Agradecidos coa confianza dos nosos veciños e veciñas, somos conscientes de que supón un gran responsabilidade e un importante compromiso que queremos cumprir da man de todos e todas. Porque o noso proxecto é de todos e para todos.*

**Sandra Vázquez Domínguez**  
Presidenta do PP de Vilalba



**CORBAR**  
MAQUINARIA

INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

NOVEDAD

[www.corbarsll.com](http://www.corbarsll.com)

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com



# “Queremos ser máis que unha tenda, un espazo de encontro”

Mónica e Belén Rodríguez son as fundadoras do proxecto de vida Denais

**Pode definir un pouco que é Denais e que podemos atopar nesta tenda?**

Denais é, ante todo, un proxecto familiar. Comezamos coa confección de complementos téxtiles para bebés e mamás, e unha vez demos o paso a tenda física, ampliamos a xogos, libros, calzado respectuoso, algo de roupiña, sobre todo para bebé, e complementos.

**Podería falarnos de como se xestou a idea, porque nun principio foi un negocio en liña unicamente?**

A idea naceu da nosa necesidade de conciliar vida familiar e laboral. A nosa nai enfermou, xusto cando Mónica se quedou embarazada por primeira vez. Máis tarde quedeime eu embarazada e necesitabamos tempo para coidar e coidarnos e de aí empezamos a pensar en emprender para organizar os nosos tempos e poder pasar máis tempo en familia. A nosa nai é moi boa costureira, e nós nunca aprenderamos dela o oficio, e decidimos empezar por aí. Por iso comezamos a elaborar complementos para bebés e mamás. Comezamos abrindo un perfil de Instagram e vendendo por aí. Despois viría a tenda on line e empezar a asistir a feiras de artesanía.

**Cando dan o salto á tenda física?**

O oportunidade xurdiu cando Antía Naveiras decidiu traspasar a súa tenda Carapuchiña Vermella. Antía xa vendía algúns dos nosos produtos na tenda e tiñamos moi boa relación, e parecéunos unha boa oportunidade.

**Cales son as particularidades que teñen os produtos Denais?**

Nos só confeccionamos produtos que nos parecen moi útiles, e aos que se lles pode dar moito uso. Porque un dos pilares do noso proxecto é a sostibilidade, e por iso para nós



é fundamental a durabilidade do produto. E despois usamos tecidos o máis sostibles posible, tamén, e con certificacións ecolóxicas, sempre que é posible. O resto de produtos están moi pensados e damos mil voltas antes de traelos, porque queremos coidar moito, moito todo o que temos. Priorizamos produtos artesanais e de materiais naturais, e de procedencia nacional e europea. No caso dos xoguetes gústanos especialmente a madeira, os xogos e xoguetes que deixan voar a imaxinación dos máis peques, que canto menos fai o xoguete, máis fai o neno, que diría María Montessori. O xogo libre e as pezas de material desestruturado tamén nos gustan moitísimo, precisamente por ter esa capacidade de ser calquera cousa que queira imaxinar quen xogue con eles. Temos unha selección moi coidada de xogos de mesa, que abarcan idades máis avanzadas. Nós cremos firmemente na importancia do xogo como ferramenta educativa ao longo da vida, e porque nos parece un pracer compartir eses momentos en familia. Estamos apostando tamén polo calzado respectuoso, xa que confiamos moito nos beneficios que

ofrece, e tamén estamos vendo que cada vez hai máis demanda na vila.

**Cales son os produtos con máis demanda actualmente?**

Dos produtos confeccionados por nós, para bebés a capa de baño é o produto máis vendido, xunto coas bandanas e as toallíñas multiusos. E cremos que sobre todo e polo uso do rizo de bambú, que é un tecido súper suave, que seca rapidísimo, e moi, moi gustoso para a pel dos bebés. Do que temos á venda en tenda doutras marcas, vai un pouco por épocas, pero a verdade é que están saíndo moi ben os libros, que temos unha sección moi coidada con títulos moi chulos, e tamén o xogo simbólico. Dos produtos para mami, dos confeccionados por nós, as totes seguen sendo o produto estrela. E tamén estamos vendendo moi ben os libros sobre maternidade e crianza.

**Por que escolleron Vilalba para iniciar este proxecto?**

Vilalba escolleunos a nós! A nosa nai é de Román, e aínda que nacemos e nos criamos en L'Hospitalet de Llobregat (Barcelona), Mónica veuse hai máis de 20 anos vivir aquí, e eu (Belén), hai case 10 anos. Sempre nos quixemos vir a Galicia, e namo-

rarse de rapaces de Román fixo o resto. Así que unha vez instaladas aquí na vila, tiñamos claro que de ter espazo físico sería aquí.

**Cales son as metas que se propoñen?**

Como meta a longo prazo... seguir medrando con Denais! E vivir disto tranquilamente. Non buscamos grandes luxos, pero si chegar tranquilas a final de mes, que xa se sabe que emprender é moi duro. E como metas para este ano, imos iniciar talleres e cursos aquí na tenda, que é algo que tiñamos en mente desde que iniciamos o proxecto. A parte educativa (eu, Belén, son educadora social) non a queremos deixar de lado, porque queremos que isto sexa algo máis que unha tenda, que sexa un espazo de encontro, onde poder compartir sensacións, dúbidas, inquietudes. E xa temos programado un taller de primeiros auxilios pediátricos que imos facer coa colaboración de Cruz Vermella Vilalba, para os días 13 e 20 de abril. Ademais, coa asociación socioeducativa Antonio Gandoy (antes Preescolar na casa) temos pensado crear un grupo de posparto para mamás e bebés entre 0 e 9 meses, e programar talleres e charlas de temas concretos, como poden ser os límites na crianza, aprender a xestionar as rabexas, por exemplo. Temos moitas ganas de que participe a xente para poder programar respondendo a necesidades concretas.

**O nome escollido para a tenda foi un pouco para render unha homenaxe as nais, imaxino.**

Totalmente. Este proxecto empezou a xestarse despois da enfermidade da nosa nai, e coincidindo coa maternidade de Mónica, e máis tarde da miña. Todo iso fixo que cambiaran as nosas prioridades, e que coidarnos e coidar ás nosas familias fora o máis importante para nós. Así que este proxecto é basicamente unha homenaxe á nosa nai, e chegou cando nós nos convertemos en nais. Entendemos que non había un nome que o definira mellor.

## EN BREVE

**LANZÓS.** A localidade de Lanzós celebrará a fin de semana do 16 e 17 de marzo as festas na honra a San Xosé. Estas darán comezo o sábado ás 13.30 horas coa misa solemne, procesión e sesión vermú a cargo do grupo Fénix, que tamén se ocupará da verbena xunto a Escaparate. O domingo repetirase o programa matinal con misa e procesión e as festas chegarán ao seu final coa sesión vermú a cargo do dúo Epo-K. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto cunha carpa.

**CORBELLE.** Esta localidade celebra o sábado 16 as súas festas na honra. San Xosé. Estas darán comezo cunha misa cantada ás 13.30 horas, á que seguirá a tradicional procesión. Ademais, haberá sesión vermú coa orquestra Solara. Esta mesma será a encargada durante a noite de facer a verbena xunto ao dúo Venus. A festa está organizada pola asociación de veciños, que lembra que haberá carpa no campo da festa.

**VILALBA LATE.** A campaña de San Valentín *Vilalba Late* chegou ao seu fin cunha alta participación, cun total de 3806 papeletas entregadas en 52 comercios participantes. Ademais, a promoción dos vídeos da campaña tivo unha alta acollida nas redes sociais. A resposta da comunidade superou as expectativas, demostrando o éxito da iniciativa.

**PADROADO.** O salón de plenos acolleu unha reunión do padroado da Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba-Terra Chá que xestiona o Centro Ocupacional. Nesta xuntanza procedeu á toma de posesión da alcaldesa, Marta Rouco, como nova presidenta da entidade. Ademais, a concelleira de Educación, Infancia e Xuventude, Paula Vigo, tomou o cargo de vicepresidenta. A concelleira do Partido Popular Paula Prado pasa a ser representante no padroado.



## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

### 20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874  
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.  
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993  
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica **TEST** dental

Parking gratuito



## EN BREVE

**EL KANKA.** Juan Gómez, máis coñecido como EL Kanka, subirase ao escenario do Auditorio Municipal Alovi das Pontes de García Rodríguez o 23 de marzo, onde estará a presentar a súa xira acústica *Cosas de los vivientes- Diferente*. As entradas xa están á venda.

**MOSTRA DE TEATRO.** As Pontes rematará po 16 de marzo coa III Mostra de Teatro Amador, unha iniciativa que aposta pola cultura local e que ten como obxectivos prioritarios apoiar ás pequenas compañías de teatro afeccionado, axudar ao sector amador e sobre todo promover o teatro de base. Representarase a obra *Terapia de grupo*, a cargo da compañía local, Quemaisten Teatro.

**CASA DO MEL.** A Casa do Mel de Goente celebra unha nova edición da Cata do Mel en varias xornadas. A preselección dos participantes realízase os días 13 e 14 de marzo as 16.30 horas e a sesión final terá lugar o domingo 17 tamén nas instalacións da Casa do Mel a partir tamén das 16.30 horas. Finalmente, ás 19.30 horas terá lugar a entrega de premios aos gañadores deste ano. Dentro da programación tamén se incluíu a presentación do libro *A cultura do mel na Costa da Morte*, de Carmen Toba Trillo, que será tamén ás 18.00 horas.

**AULA CEMIT.** A Aula Cemit do Concello das Pontes estará aberta desde o 15 ao 27 de marzo, ambos incluídos, de 09:30 a 14:00 horas, á toda a poboación en xornadas de portas abertas. O obxectivo é dar a posibilidade a calquera veciña ou veciño que o precise a que poda usar os equipos da aula así como resolver dúbidas. O horario de apertura será de 9.30 a 14.00 horas.

## Arranca o programa anual de actividades micolóxicas

O Concello das Pontes presentou unha nova edición das xornadas micolóxicas *As Pontes, Terra de Cogomelos*, unha iniciativa que se desenvolverá ao longo dos meses de marzo e abril e que ten como obxectivo promover os diversos aproveitamentos dos fungos e cogomelos na bisbarra e en todo o territorio galego.

O programa, que xa comezou, está composto por 15 actividades, todas elas de balde, pero con inscrición previa recomendable xa que hai límite de prazas, é incluído unha serie de obradoiros e faladoiros nos que diferentes especialistas no mundo da micoloxía achegarán ao público a temáticas diversas como a identi-

cación de especies, hábitats ou usos culturais e sociais dos cogomelos. Actividades que se completarán con obradoiros de cociña a base de cogomelos silvestres tanto para público adulto como infantil.

O 15 de marzo, na Casa Dopeso ás 18:30, José Castro da Sociedade Micolóxica Lucus, desenvolverá unha charla sobre o xénero *Cantharellus*, no que as persoas participantes coñecerán as diversas especies deste xénero, e poderán resolver dúbidas cun dos responsables da asociación con maior actividade divulgadora micolóxica de Galicia.

O sábado 23 de marzo será o tempo dunha saída ao couto micolóxico do Monte Forgoselo, guiada polos



micólogos da Universidade de Vigo e de MycoGalicia. A saída consistirá nun obradoiro in situ das especies de fungos e flora primaveral que se atopan durante a ruta, así como afondarase nas metodoloxías que se empregan para a identificación e recolección de cogomelos.

O sábado 6 de abril tocará facer un paseo polo mundo dos liques, que será guiado pola pontesa Graciela Paz, bióloga e profesora da Escola de Enxeñería Forestal da Universidade de Vigo, e no que aprenderemos a observar os liques á beira do río Eume. Durante o mes de abril e maio

seguirán as sesións.

E por último, as xornadas inclúen 2 concursos de receitas elaboradas a base de cogomelos silvestres, que se desenvolverán ata o 30 de abril, e a partir dos que se deseñarán un e certeiro coas propostas finalistas do concurso gastronómico. Un dos concursos está dirixido a cocifeiros profesionais e a centros de formación de hostalería de Galicia. E o segundo dos concursos gastromicolóxicos está aberto a todo aquel que guste dos valores culinarios dos cogomelos e queira mostrar publicamente a súa afección polo ben comer.

## A bioplanta de Ence está en información pública

O proxecto da empresa Ence de instalar unha bioplanta está en información pública. Trátase dunha fábrica para producir material reciclado a partir dunha mestura de papel e cartón usado con fibras vexetais.

A Secretaría xeral de Industria expón así a información pública durante un período de 30 días os detalles sobre o impacto ambiental do proxecto de Ence, que inclúe un proceso de reciclaxe de papel e cartón e outro de fabricación de pasta de celulosa, aos que se poden presentar alegacións.

O proxecto de Ence foi catalogado pola Xunta como "proxecto industrial estratéxico" e aspira a investir uns 125 millóns de euros na primeira fase, dos 350 millóns de euros que calcula que custará en total. A empresa anunciou que podería xerar un milleiro de empregos.

A segunda fase do proxecto inclúe a construción dunha planta térmica para producir uns 150 megawatts de potencia e outros 50 megawatts de electricidade, co fin de completar a iniciativa en 2027.

### UNED SÉNIOR



Preto de cincuenta veciños e veciñas das Pontes, maiores de 50 anos, participan na sexta edición do Programa de Democratización do Coñecemento que impulsa a Universidade Sénior da Coruña. As accións formativas desenvolveranse durante os meses de marzo e abril e teñen como obxectivo prioritario revalorizar o patrimonio cultural, social e ambiental da zona, concienciar á sociedade sobre a presenza da ciencia no día a día, e recoñecer o valor das disciplinas artísticas a través do coñecemento e as vivencias.

**XL MOEXMU**  
5, 6 e 7 de abril 2024  
Pazo frónal Manuel Vilela  
FROBENTA - LUGO

Logos of participating organizations: USC, aresa, and others.



**construfer**  
Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)  
Telf: 982 511 200

Visita nuestra nueva tienda online:  
[www.construfervilalba.com](http://www.construfervilalba.com)

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTOS  
PABLO RABADE PAREDES



## Finaliza a reurbanización da praza de América

As obras de reurbanización da praza de América, un proxecto cun orzamento de 569.608 euros financiado pola Deputación da Coruña, finalizaron esta semana, quedando a praza aberta á veciñanza.

Trátase dun proxecto a través do que o Concello das Pontes buscaba recuperar os valores orixinais da praza; o papel protagonista da escola, a súa relación coas rúas perimetrais e o seu carácter de zona de paseo, permitindo, ao mesmo tempo, a creación dun espazo funcional para toda a veciñanza.

Entre os traballos postos en marcha, a finais do ano 2022, co obxectivo de volver á configuración orixinal da praza, procedeuse á demolición do edificio no que se situaba a biblioteca municipal para, a continuación, proceder ao movemento de terras e establecer dúas alturas, definindo ás rúas perimetrais o relevo interior da nova praza, asimilando as pendentes existentes e establecendo unha úni-



ca plataforma á mesma cota.

Rematadas estas tarefas, procedeuse á execución da condución das augas pluviais e á execución das canalizacións correspondentes á rede eléctrica. Tras realizar as tarefas de encofrado estendéronse diferentes lousas de formigón sobre as que, posteriormente se colocou o pavimento final, de pedra, e tamén se procedeu á plantación dalgunhas

especies arbóreas.

Así, ao nivel da Avenida da Coruña a praza dispón dun espazo diáfano totalmente libre de obstáculos, configurado como unha área para acoller diferentes tipos de eventos mentres que una aliañación de arborado define, sutilmente, o límite entre o espazo da rúa e o ámbito da praza.

No lateral leste, a área que xurde da prolongación do espazo público da

rúa Castelao, está concibido como unha ampla ladeira verde mentres que no ámbito intermedio, vencellado coa rúa Ramón Cabanillas, a praza conta cunha zona de paseo protexida do ruído e do tráfico na que se dispoñen recunchos de estancia cun carácter máis intimista, reinterpretando o 'Paseo dos Americanos' e está franqueada por unha banda verde que resolve a diferenza de cota.

Tras rematar os traballos de pavimentación, procedeuse á instalación do alumeadado público, dispoñéndose os farois en columnas de alturas variables con proxectores LED, instalándose a rede de drenaxe e rega e finalmente o mobiliario urbano.

O obxectivo principal da actuación que se está a executar é ordenar o ámbito en termos de funcionalidade, seguridade e accesibilidade atendendo a criterios de calidade ambiental, de eficiencia enerxética e de sustentabilidade.

## Licitan as obras de mellora de vías de varias parroquias

Xa están en licitación por 23.689 euros os traballos de mellora dos viarios en Cancelas, Poupariña, Esvedral, Penapurreira e Ramalla-Louseira co obxectivo de dotalos dunha maior calidade, tanto estrutural como superficial, para garantir, deste xeito, a seguridade do tráfico.

Os traballos, financiados a través do POS da Deputación da Coruña, permitirán a mellora e substitución da actual capa de rodadura para o que será preciso levar a cabo actuacións de varrido de superficie e limpeza de marxes, ademais procederase ademais á limpeza das cunetas e á eliminación de vexetación que invade os viais.

Por outra banda, naquelas zonas que se atopan afundidas, realizárase un bacheado previo mediante a achega de pedra e o selado mediante unha rega con grava miúda.

## O Pleno acorda a demanda de axudas pola perda de ingresos municipais co peche da central

O Pleno das Pontes aprobou por unanimidade unha moción do BNG na que se acorda pedir ao Goberno central compensacións económicas pola perda da recadación municipal co peche da central.

Os tres partidos están de acordo con esta petición xa que as perdas serán moi importantes polo que requiren medidas de transición sobre todo porque durante 6 anos, os terreos seguirán ocupados para o desmantelamento. Faltou acordo entre eles sobre o futuro dos terreos, entre os que se apostan por unha zona de lecer e os que apos-

tan porque sexa solo industrial.

Esta moción forma parte dunha serie de iniciativas e preguntas anunciadas por Néstor Rego para demandar do goberno do Estado o inicio de negociacións cos concellos afectados polo peche de centrais térmicas de carbón, como As Pontes e Cerceda en Galicia, e a posterior aplicación, de forma urxente, dun mecanismo de compensación pola perda de ingresos municipais, cando menos polo Imposto de Actividades Económicas (IAE) e polo de Bens Inmóbeis de Características Especiais.

## Mellorarán o firme na avenida das Veigas e na rúa Pardo Bazán

O Concello das Pontes investirá 79.421,08 euros, con cargo ao POS 2023 da Deputación da Coruña na mellora da capa de rodaxe na Avenida das Veigas e na Rúa Pardo Bazán, actuacións que lle permiten dar continuidade ao proxecto de rehabilitación, humanización e mellora da accesibilidade levado a cabo polo goberno local na contorna urbana.

As obras proxectadas inclúen o varrido da superficie de ambos viarios así como o fresado e derrubamento da capa de rodaxe, segundo sexa necesario en función das condicións do viario. Ademais procederase á reparación das fochancas e realizara-



se, previamente ao afirmado, unha regularización de ambos viarios mediante unha capa de aglomerado.

A continuación procederase á ex-

tensión dunha nova capa de rodaxe de aglomerado asfáltico quente e os traballos rematarán coa reposición da sinalización horizontal e vertical.

ESTAS  
**REBAIXAS**  
QUE NON CHE TOQUEN  
**A FIBRA**

Engade AdamoTV por 3€ máis

🏠 1.000 Mb  
📱 20 GB  
**30€**  
/mes  
AíC/mes  
Durante 1 ano

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo · TV

La fibra de  
*Andy & Lucas*

**Chama gratis ao 900 651 679 ou configura o teu pack personalizado en [adamo.es](https://adamo.es)**

Oferta válida para novos clientes que non contratasen ningún servizo ou produto de Adamo nos últimos 3 meses desde a data de inicio desta promoción e que contraten entre o 08/01/2024 e o 31/03/2024, ambos incluídos. Promoción non combinable con outras promocións. Esta promoción inclúe: (1) Servizo de acceso a Internet Fibra 1.000 Mb + Móbil 20 GB durante os 12 primeiros meses a 30€/mes e, posteriormente, a 41€/mes (ambos importes con IVE e cota de liña incluídos). Esta promoción non inclúe a cota de activación, por importe de 12.104 (IVE incluído), que lle será cobrada na primeira factura. Si inclúe a instalación de router premium. Servizo suxeito a permanencia durante 18 meses desde a súa contratación. En caso de cancelación anticipada do servizo, aplícarase o custo de 163,354 (IVE incluído) de forma proporcional aos meses restantes do período de permanencia. Líñas de móbil adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.



## A Xunta actuará na AC-564, ao seu paso polo municipio

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitou por importe de 1.494.656 euros as obras de mellora do firme na estrada autonómica na AC-564, ao paso polos municipios da Capela e das Pontes entre outras 7 en concellos da comarca.

A Plataforma de Contratos Públicos de Galicia publica a contratación destas actuacións, establecendo como prazo para que as empresas interesadas poidan presentar as súas ofertas ata o vindeiro día 27 de marzo. O obxectivo da Xunta é adjudicar os traballos no mes de maio e iniciar as obras en xuño para telas executadas neste mesmo ano, xa que os traballos contan cun prazo de execución de 5 meses.

## O Plan de Obras da Deputación suporá un investimento de 1,5 millóns de euros na vila

O Goberno local aprobou as actuacións que serán financiadas pola Deputación da Coruña a través do Plan de Obras e Servizos (POS 2023) e que suporán un investimento de 1.403.798 euros.

A achega da Deputación da Coruña inclúe tres partidas, unha de 505.780,81 euros correspondentes á achega provincial do ano 2024, outra correspondente á achega do 2023, cunha contía de 392.238 euros, e unha última partida de 1.022.937 euros, correspondente ao POS Complementario 2023.

Estas achegas permitirán executar 10 proxectos que seguen a folia de ruta marcada polo Goberno municipal

para mellorar a calidade de vida da veciñanza e renovar e ampliar os servizos públicos do municipio.

A achega provincial 2024 destinarase ao gasto corrente, mentres que a asignación da achega 2023 destinarase ao proxecto de rehabilitación da edificación para o local sociocultural na Praza da Igrexa, cun orzamento de 312.817,10 euros. Por outra banda, dedicaranse 79.421,08 euros ás obras de mellora do firme na Avenida das Veigas e na Rúa Pardo Bazán. O pleno municipal tamén aprobou o POS Complementario, que suporá un investimento de 1.022.937 euros destinados a oito actuacións, entre as que se atopan o proxecto de mellora

de servizos e pavimentos na Avenida de Lugo (no 21-45), cun orzamento de 165.341,15 euros; o proxecto de renovación dos servizos urbanos de saneamento e pluviais, a iluminación pública na marxe esquerda do tramo da Avenida das Campeiras situado entre a intersección da rúa Covelos e o número 66 da citada avenida, valorado en 112.041,49 euros, así como o proxecto básico e de execución de mellora de servizos e pavimentos da Rúa A Balsa, cun orzamento de 109.053 euros.

O Concello destinará unha partida de 179.465 euros ao proxecto de mellora da beirarrúa e dos servizos na marxe dereita da Rúa Rego do

Muíño, no tramo comprendido entre os números 3 e o 44) e unha partida de 19 207.862,90 euros destinada á mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Lugo.

Así mesmo, investiranse 55.283,85 euros na reparación e mellora do firme en Gondré e O Castro, 109.346,76 euros dedicaranse á mellora do firme e a seguridade viaria no Parañoa e 84.542,30 euros ao proxecto de pavimentación do viario ao Niño de Azor, San Xoán do Freixo. O pleno tamén aprobou o POS adicional para gastos extraordinarios do exercicio 2024 por valor de 144.508 euros, destinados a reforzar o servizo de axuda a domicilio.



## Formación en violencia de xénero en persoas con discapacidade

O Concello das Pontes organizou unha xornada formativa dirixida ás institucións e Administracións públicas que conforman a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero (MLCI). Nesta ocasión, a formación versou sobre a violencia de xénero en mulleres e nenas con discapacidade, sendo impartida por persoal profesional da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (Acadar),

entidade de promoción, coordinación e reivindicación da defensa dos dereitos das mulleres con discapacidade de cara á súa plena integración en todos os ámbitos da sociedade. Partindo dende unha breve contextualización sobre conceptos vencellados á discapacidade, afondouse nas situacións de discriminación e de violencia de xénero sufridas por parte das mulleres e nenas con discapacidade.

## As Pontes intégrase no Centro de Transformación da Fusquenlla

Representantes dos gobernos locais de Cedeira, Narón e As Pontes asinaron en Moeche o seu compromiso de adhesión ao proxecto, xa en marcha, do Centro de Transformación e apoio ao medio rural A Fusquenlla.

O rexedor cedeirés, Pablo Moreda, a alcaldesa de Narón, Marián Ferreiro, e a responsable de Promoción económica das Pontes, Elena López, subscribiron un documento que irá seguido dos correspondentes convenios administrativos para sumarse ao sostemento das instalacións e dos servizos que se lle ofrecen ás produtoras e produtores de toda a comarca.

Desta maneira serán xa sete os municipios implicados na xestión dun espazo orientado á transformación agroalimentaria que xa espertou o interese de 120 persoas e no que xa



recibiron capacitación técnica máis de medio cento de usuarias e usuarios. A Fusquenlla pretende ser o referente no norte da provincia para a elaboración de distintos tipos de envasados de froita, horta e mel, así como un polo de dinamización económica baseado na transformación de excedentes da máxima calidade, ademais de todas as garantías sani-

tarias e de trazabilidade alimentaria. A concelleira de Promoción económica das Pontes, Elena López, destacou o "grande potencial de produción do sector primario" da zona e a maneira en que A Fusquenlla pode axudar a "darlles saída aos excedentes estacionais" por medio da súa transformación en produtos "cun maior valor engadido".



**RYS  
SESACAR**

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53  
Pol. Ind. Sete Pontes  
27800 Vilalba - Lugo  
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656  
recambios@sesacar.com



## O CIM das Pontes rexistrou no 2023 un total de 1.520 consultas

O Centro de Información á Muller (CIM) das Pontes rexistrou, durante o ano 2023, 1.520 consultas, cifra que se traduce en máis de 250 mulleres atendidas. Un total de 187 consultas corresponderon á área xurídica e 1.276 á área psicolóxica, contabilizándose así mesmo 19 consultas relacionadas coa violencia de xénero, cinco consultas de orientación laboral, outras cinco sobre actividades organizadas polo Concello, 24 sobre recursos e finalmente catro sobre outras cuestións.

No caso da área xurídica, a maior parte das consultas estiveron vencelladas co dereito de familia (réxime económico matrimonial, divorcios, unións extramatrimoniais) e o dereito civil (herdanzas e sucesións, vivenda, alugueiro ou incapacitacións).

As consultas relacionadas cos permisos de residencia, a cualificación da discapacidade ou as condicións laborais tamén ocuparon un lugar destacado xunto coas consultas relacionadas coa violencia de xénero e a prestación de xustiza de balde.

Polo que respecta á área psicolóxica, a atención prestada centrouse en terapias e seguimento psicolóxico, tanto individuais como en grupo, te-



rapias coa parella así como na atención a mulleres vítimas de violencia de xénero.

O traballo desta área estivo encamiñado a realizar un diagnóstico da situación persoal das usuarias e facer un seguimento personalizado para, desde diferentes ámbitos, ofrecer solucións aos problemas polos que acudiron ao CIM, ofrecéndolles unha intervención integral.

O servizo, no que actualmente traballan unha psicóloga e unha avogada e que durante este ano contou co respaldo dunha axente de igualdade, ten como obxectivo prioritario a promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero e así, xunto coa atención directa, polo que, ao longo de todo o ano, desde o CIM puxéronse en marcha diferentes actividades

informativas e formativas de cara á sensibilización da veciñanza no principio de igualdade e a prevención da violencia de xénero en todos os ámbitos.

Entre a trintena de actividades promovidas e apoiadas polo CIM tamén destacan a posta en marcha as campañas de promoción da igualdade con motivo do 25 de novembro e o 8 de marzo, a instalación de puntos lilas tanto nos centros educativos como en diferentes espazos públicos da vila, a organización dun obradoiro sobre a detección e intervención con mulleres migrantes vítimas de violencia de xénero, centrado en claves culturais, un obradoiro de biodanza, outro sobre corpo e movemento, un obradoiro sobre arte e autocoidado, un obradoiro de fotografía.



## Cohempo arranca unha campaña por Elena, nena que ten síndrome de Rett

Coincidindo co Día mundial das enfermidades raras a asociación de comerciantes pontesa Cohempo deu comezo a campaña solidaria Unid@s por Elena co fin de axudar a dar visibilidade a esta enfermidade e colaborar coa súa investigación.

Neste día, tratarase de dar visibilidade ao Síndrome de Rett, unha enfermidade que padece a veciña das Pontes Elena, de 3 anos. Trátase dunha enfermidade rara causada por unha mutación no xene Mecp2 ligado ao cromosoma X. Un trastorno xenético neurolóxico e de desenvolvemento que provoca a perda progresiva das capacida-

des motoras e da fala.

A Campaña Solidaria ten o obxectivo de recadar fondos que irán destinados á Asociación Nacional De Investigación A miña Princesa Rett, asociación á que pertence a pequena Elena.

Para iso colocárase unha hucha nunha gran parte dos establecementos asociados a Cohempo, un total de 78 negocios participantes. Os socios participantes na campaña estarán identificados cun cartel. Calquera persoa interesada en colaborar coa investigación desta enfermidade poderá facelo facendo uso das huchas habilitadas para tal fin ata o 31 de xullo.

**Inviste en Friol**

**CONCELLO DE FRIOL**

**Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol**



## O PP provincial cualifica de “chapuza” os apañs na estrada denunciada

“O presidente da Deputación está a rirse dos veciños da provincia e, neste caso, dos de Friol”. Así de contundentes se amosan Antonio Ameijide e José Ángel Santos tras ver “os parches” que realizou a Deputación na estrada LU-P-1611 da que os veciños de Friol denunciaron o seu “nefasto estado e o perigo que supón para a seguridade viaria”.

Hai unhas semanas, os veciños de Friol fixeron patente o seu descontento co estado das estradas provinciais ao paso polo seu municipio, “con fochancas de varios centímetros de ancho e de profundidade, nas que calquera vehículo pode deixar unha roda, co conseguinte risco de accidente”.

O deputado provincial e alcalde de Friol, José Ángel Santos, destaca que “estes parches son un despre-

zo aínda maior para os veciños de Friol que os últimos catro anos e medio nos que Tomé non investiu nin un só céntimo no mantemento e mellora destas vías”.

O voceiro provincial popular, Antonio Ameijide, destaca que “a realidade é que estes parches son un quero e non podo porque pode verse como xa comezaron a levantarse”. “O que tiña que facer o presidente da Deputación é tomar en serio este problema e realizar un plan de arranxo e mantemento das estradas provinciais en lugar de rirse dos veciños con estas chapuzas”, criticou.

“Ademais de abandonar as estradas, Tomé pon en risco a seguridade de calquera persoa que circula por estas estradas, nas que se suceden os accidentes polo nefasto e perigoso estado do firme”, denunciou.

## Continúa a parcelaria de San Xoán de Seoane de Pregación

O conselleiro do Medio Rural en funcións, José González, acompañado pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, mantivo unha reunión cos veciños deste municipio lucense para abordar cuestións vencelladas co desenvolvemento da concentración parcelaria de San Xoán de Seoane da Pregación, situada nesta localidade. Esta iniciativa suporá a reorganización de case 383 hectáreas, distribuídas actualmente en 533 parcelas de 71 propietarios. O investimento total realizado ata o de agora neste proceso supera os 88.000 euros, co cal se levou a cabo a investigación da propiedade e se elaborou o estudo de impacto ambiental, planos,

preparación de bases e o Plan de Ordenación de Predios de Especial Vocación Agraria (Popeva), así como a redacción do proxecto de camiños. Tal e como indicou José González, o proceso avanza de xeito favorable e actualmente se atopa na elaboración da fase de bases de reestruturación parcelaria. Na xuntanza de hoxe presentouse a enquisa de bases, na que se lles entregará aos propietarios o boletín individual da propiedade e poderán formular as alegacións que estimen oportunas durante o prazo dun mes. Os planos correspondentes estarán expostos nos lugares de costume da parroquia, no Concello e na páxina web da Consellería do Medio Rural.

## Máis de 1.600 fogares accederán a internet ultrarrápido no 2024

Máis de 1.600 fogares de Friol terán acceso a Internet de alta velocidade ao longo do presente ano. O despre- que está sendo executado de forma progresiva pola empresa Adamo, que acaba de conectar a 170 familias do concello lucense a súa fibra óptica. Estas actuacións resultan máis complexas do habitual, dado que implican a instalación de tres cabeceiras que, ao finalizar o proxecto, quedarán interconectadas entre si para que a rede quede plenamente asegurada, fixada e consolidada.

Aínda que esta infraestrutura abre numerosas posibilidades, resulta inevitable identificar esta novidade tecnolóxica coa loita contra o despoboamento que mantén o Concello de Friol como gran impulsor.

É preciso destacar que se trata de fibra óptica de ata 1.000 Mb, a mesma velocidade máxima habitual de conexión que pode encontrarse en calquera gran cidade. Así que ago-



ra é posible navegar por Internet á mesma velocidade en Barcelona, en Madrid... e no Concello de Friol.

David Llano, responsable de Adamo en Galicia, reuniuse co alcalde de Friol, José Ángel Santos, quen está impulsando o desenvolvemento de esta infraestrutura clave tanto concedendo os permisos pertinentes con axilidade como facilitando sempre o labor dos técnicos do operador.

A conexión que subministra Adamo -de ata 1.000 Mb, como xa se sinalou-, ademais de ser útil contra o despoboamento, posibilita realizar con garantías actividades que hoxe resultan habituais: teletraballo, educación en liña, compras por Internet, citas médicas telemáticas ou desfrutar de videoxogos, series e películas en remoto, entre outras.

## Ultiman as obras de rehabilitación do centro social de Vilalbite

As obras que se están rematando ascenden a case 132.000 euros, que son financiadas na súa totalidade pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Rural.

As obras leváronse a cabo sobre a edificación existente, que era a antiga escola unitaria da parroquia de Vilalbite, e do seu entorno inmediato. Acondicionouse a parcela onde se sitúa a edificación creando un espazo público para uso e disfrute dos veciños. No entorno inmediato da antiga escola creouse unha superficie horizontal empedrada da que parten a rampla e a escaleira da edificación. No resto da parcela mantívose o estado natural e acondicionouse para aparcar vehículos, mantendo a mesma topografía.



En canto á intervención na edificación existente gardouse basicamente a mesma distribución adaptando o aseo e a rampla para cumprir coa normativa de accesibilidade. Cambiouse a carpintería e acabados

interiores e exteriores e renováronse todas as instalacións. Rehabilitáronse as cubertas da edificación, incluso estrutura, e acondicionouse a escaleira exterior existente.





**POR CADA**  
**10€**  
**DE COMPRA**  
**TE DESCOTAMOS**  
**1€**  
**EN TU**  
**SIGUIENTE COMPRA**






**CARACOL +**

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus



# Friol ten unha nova cita o 24 coa Feira do Queixo e o Pan de Ousá

O domingo 24 de marzo, Friol converterase un ano máis na capital galega do Queixo e do Pan de Ousá como Festa de Interese Turístico de Galicia. A celebración chega á súa trinta edición e novamente volverá contar coa participación de preto de 90 queixeiros que expoñerán unhas 14.000 pezas de queixos e tamén haberá 5 panaderías de Ousá presentando os seus produtos e cunha previsión de máis de 4.000 pezas de pan expostas.

O Queixo de Friol e o Pan de Ousá son dous produtos totalmente artesáns. Ambos están elaborados coas mellores materias primas do municipio, e contan cun elemento fundamental para conseguir a calidade pola que se caracterizan, que é “o cariño que as nosas queixeiros e os nosos panadeiros e panadeiras amosan no momento da súa elaboración”, dixo Santos.

O eixo principal da Feira volverá situarse nunha grande carpa situada na praza Andón Cebreiro para a



exposición dos produtos. Arredor da carpa instaláranse outros postos de venda dos diferentes produtos agroalimentarios do municipio. E na praza Rosalía de Castro estarán expostos produtos de diferentes sectores, como por exemplo artesanía, textil, distintos tipos de viños, sidras ou licores.

As rúas Deputación e Santa Isabel permanecerán pechadas ao tráfico, dado que estarán destinadas á montaxe de polbeiras e de tendas ambulantes.

O programa da Feira darase a coñecer o mércores 13 de marzo, ao igual que o cartel do evento. Aínda que non se coñece o contido do mesmo si adelantaron desde a organización que seguirá a liña de anos anteriores e haberá algunha sorpresa máis. Abrirá as súas portas a primeira hora da mañá e poderá visitarse durante toda a mañá, aínda que a festa non decaerá pola tarde. Non faltará a música das charangas e dun grupo folk para rematar o día ao son dunha orquestra.

# A tradicional feira mensual volve ao centro da localidade

A Feira Mensual de Friol, que tradicionalmente se celebra o primeiro domingo de cada mes, cambiará de situación despois de máis dunha década no recinto do mercado gandeiro. Desde o domingo 7 de abril volverá celebrarse no centro da capitalidade, adaptándose aos novos tempos.

O alcalde popular José Ángel Santos destacou que “decidimos facer este cambio da nosa Feira Mensual tras comprobar que as transaccións de venda de animais vivos minguaran moito nos últimos tempos, así que consideramos que non ten moito sentido manter o resto da infraestrutura da feira nun recinto afastado do centro do pobo”.

Aínda que se considera que foi unha decisión acertada no seu momento, o equipo de goberno toma esta medida co obxectivo de darlle maior potencial á feira mensual e a todo o municipio, fomentando a calidade e variedade da gastronomía local, promovendo o turismo e propulsando a vida social e cultural.

Desde o Concello consideran que co



novo emprazamento non só se conseguirá que se acheguen máis veciños, senón tamén persoas doutros lugares, que terán un motivo máis para visitar e coñecer Friol, “instaurando xa como un novo costume que cada primeiro domingo de mes hai que visitar a Feira para desfrutar dos Saberes e Sabores de Friol”.

Con esta nova aposta, outros dos principais obxectivos que se pretenden conseguir desde o equipo de goberno son fortalecer o sistema económico e produtivo de Friol e promocionar os seus produtos agroalimentarios para seguir di-

namizando e impulsando o sector primario do municipio e continuar potenciando o sector empresarial e o comercio local.

Con este cambio preténdese dar maior visibilidade a todos os sectores que se expoñen mes tras mes na Feira. A organización dos diferentes postos que se montarán no centro de Friol será similar á que se leva a cabo na Feira do Queixo e Pan de Ousá. Na Praza Andón Cebreiro asentáranse postos metálicos, cubertos e con instalación eléctrica propia que o Concello porá a disposición dos produtores de Friol.



**Avenida de Galicia, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 110m<sup>2</sup> **123.000€**  
En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico, de tres habitacións e sala, dos baños e cocina. Dispone de calefacción individual a gas cidade, ascensor, garaxe e trastero en el bajo cubierto.

**Calle de Galicia, Vilalba**  
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 115m<sup>2</sup> **128.000€**  
En Vilalba (Lugo), se vende piso muy céntrico, a estrenar, de 4 habitacións, sala, dos baños equipados e cocina. Dispone de calefacción individual a gas, ascensor, garaxe e trastero en el bajo cubierto.

**Calle de Galicia, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 112m<sup>2</sup> **113.000€**  
En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico, con orientación oeste, de tres habitacións, sala, dos baños e cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas, ascensor, garaxe e trastero.

**Carrizo s/n, Vilalba**  
Casa / Chalet independente | 4 Dorm | 1 Baño | 140m<sup>2</sup> **85.000€**  
En la parroquia de Santaballa, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar de unos 140 metros, en la planta alta hay 4 habitacións, cocina y un baño. En la planta baja hay un garaje, un trastero e un tendedero e a maiores tiene un bajo cubierto, que de momento está en placa. La casa dispone de agua de traida, calefacción e tiene dos fosas sépticas. Se encuentra a un kilómetro de la autovía Ferrol-Vilalba e está a unos 10 minutos de esta última localidade e a otros tantos de As Pontes.

**Ronda de la Muralla 75, Lugo**  
Local | 96m<sup>2</sup> **180.000€**  
En Lugo, concretamente en la Ronda de la Muralla, en las proximidades del edificio de la Xunta, se vende local en bruto, con una superficie útil en planta de 48 metros cuadrados; pero tiene altura de de 5 metros, lo que permite hacer un local de planta baja e piso, con una superficie total en torno a los 100 metros cuadrados. El local tiene salida de humos e todas las preinstalaciones necesarias para montar cualquier negocio. Si le interesase al comprador, también se vende por 4.800 euros máis una plaza de garaje pequena, que está ubicada en la calle Alta, a unos 200 metros del local.

**Calle Cospeito, Vilalba**  
Piso | 2 Dorm | 1 Baño | 70m<sup>2</sup> **80.000€**  
En Vilalba (Lugo), en el edificio que hace esquina entre la Avda. Tierra Llana e la calle Cospeito ofrecemos en venta un apartamento totalmente amueblado de dos habitacións, sala, cocina e baño. Dispone de calefacción, garaxe, trastero e ascensor.

**Conde Pallares 20, Vilalba**  
Edificio residencial | 489m<sup>2</sup> **80.000€**  
En la calle Conde Pallares de Vilalba (Lugo), se ofrece en venta un edificio repartido en un bajo de 140 metros e tres viviendas de unos 100 metros cuadrados cada una. El edificio tiene orientación Sur.

**Herrería 25, Vilalba**  
Casa / Chalet adosado | 3 Dorm | 1 Baño | 153m<sup>2</sup> **55.000€**  
Se vende vivienda unifamiliar, con placa echada. En la planta baja tiene un local que se puede usar como garaje o para montar un negocio.

**Plaza Coronel Pena, Vilalba**  
Casa / Chalet independente | 10 Dorm | 2 Baños | 369m<sup>2</sup> **245.000€**  
Casa antigua blasonada, de piedra, con balconada, en el casco histórico de Vilalba (al lado de la plaza de Santa María e del Parador de Turismo), de 369,10 metros construídos, con fachada a la c/ Concepción Arenal e jardín contiguo a la misma de 74 metros (cerrado con verja), que da a la Plaza del Coronel Pena. La parte destinada a vivienda de la casa ha sido reformada recentemente. Consta de dos salones, uno de ellos con chimenea, ocho habitacións, 2 cuartos de baño, cocina, desván e amplio sótano. La casa se encuentra en el camino de Santiago, reuniendo las condiciones para montar algún negocio de hostelería e restauración.

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal**

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)

Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)

Tfños.: 982 510 257 - 600 828 720

[www.rocabogados.info](http://www.rocabogados.info)

[www.inmobiliariajroca.es](http://www.inmobiliariajroca.es)

**CHAIREGOS**  
SERVICIOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA  
**CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCENTO EN VACINAS E MICROCHIPS**

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20  
(O Ramal) Rábade  
Telf. 982 871 103

**URXENCIAS**  
24 HORAS



## “O obxectivo é chegar xente á vila con diferentes actividades”

María López Prado é a nova presidenta da asociación de empresarios Asapa

María López Prado é a nova presidenta de Asapa, falamos con ela para coñecer como foron estes primeiros meses e cales son os proxectos de futuro.

**Como foron estes primeiros meses no novo cargo como presidenta?**

Foron ben, eu estou contenta coas iniciativas que se levaron a cabo. A ruta de tapas era algo que xa se viña facendo pero o prefin de ano si que era novo e tivo moi boa acollida e a pesar de que había máis eventos na contorna achegouse bastante xente e foi algo que gustou. Estou moi contenta tamén co apoio dos compañeiros e dos socios, un bo balance.

**Cal foi o proceso de elección para a presidencia?**

O anterior presidente tiña que abandonar, porque entrou en política e son cargos incompatibles, a raíz diso houbo unha reunión para presentar a dimisión do equipo directivo e saíu

o meu nome como futura presidenta. Eu non estaba presente porque non son empresaria, en realidade é miña nai a que é autónoma, pero nesa reunión propuxéronme. Querían alguén novo e faláronme comigo e eu aceptei o reto.

**Cal é a situación actual de Asapa?**

Actualmente temos arredor de cincuenta socios porque estamos só para os negocios da Pastoriza, non está aberta a todo o concello. Isto é algo que en breves, si a xente está interesada, cambiará e se abrirá a que entren tamén os negocios de todo o concello. A asociación estivo parada o último ano pero estivera funcionando antes.

**Que proxectos teñen?**

A curto prazo, antes do verán, temos a primeira carreira popular da Pastoriza que esperamos que sexa antes da primavera. Tamén queremos retomar as carreiras de cabalos que se

fixeran hai dous anos, e para isto estamos buscando axuda. Tamén estamos barallando a idea de retomar a festa da xuventude. Isto é o que está agora mesmo en proceso.

**Ademais destas actividades realizades algunha outra a nivel interno?**

Agora mesmo no, si que algún socio nos pediu algunha formación ou curso, pero agora mesmo non contamos con este tipo de actividades. No que se basea a asociación agora mesmo é en facer eventos que traian xente a Pastoriza e sexan días diferentes para que os negocios locais o noten.

**Cales foron os principais retos destes meses?**

O máis difícil é o económico, que é o que xoga en contra. Hai un orzamento moi reducido, son poucos socios, entón xogas con ese diñeiro e cunha subvención anual que nos dá o Concello. Polo tanto, para min o maior reto é facer cousas contando co pou-



co orzamento que hai.

**Cada canto renovades directiva?**

Neste caso a renovación púxose por un ano porque eu estou opositando para profesora e si aprobo non sei onde vou estar o ano que vén. Non me gusta estar nun cargo se non o podo desempeñar como quero e estar ao cento por cento, si eu estou en Pontevedra ao mellor non podo sacar adiante os proxectos como me gustaría. Normalmente era por catro pero nesta ocasión esa renovación fíxose por un ano.

**Cales son os principais problemas do comercio da Pastoriza?**

Supoño que como na maioría dos pobos pequenos xoga con dous factores en contra que son moi impor-

tautes, por un lado o despoboamento tanto porque a xente nova marcha como porque é unha sociedade moi envellecida. E por outro lado é moi difícil competir co comercio en liña, os comercios pequenos dos pobos non son capaces de competir en prezo, nin cantidade, nin en variedade con internet.

**Como axuda este tipo de asociación ao comercio?**

Por un lado achegar xente á Pastoriza e outra ao longo do ano promocionar ese comercio. Nós desde a páxina de Asapa promovíamos os diferentes comercios e tamén imos intentar facer campañas ao longo do ano para chamar a xente que compre na Pastoriza.

## A Festa da Bola de Liscos e as Freces de Bretoña presenta o seu programa

A Asociación de Amigos da Feira de Bretoña presentou o programa da XIII edición da Festa da Bola de Liscos e Freces de Bretoña, que terá lugar finalmente o domingo 14 de abril, no concello da Pastoriza, continuando coa recuperación da mesma. Trátase dunha celebración que busca ser declarada Festa de Interese Turístico de Galicia e que se iniciará a noite do sábado cunha verbena

a cargo do grupo Dúo Tropical e servizo de polbo.

A feira abrirase o domingo ás 11.00 horas con postos de artesanía e feirantes, aínda que a inauguración oficial será ás 12.15 horas. Xa pola mañá están previstas as actuacións da Escola de Música da Pastoriza, ás 12.00. horas e o baile dos nenos esa mesma escola, ás 12.45.

O Dúo Belinda será o encargado da

sesión vermú e do servizo de polbo mentres que a degustación da bola de liscos e das freces realizarase baixo carpa.

As persoas interesadas en reservar o polbo poden facelo a través do teléfono 650 277 153.

Rematarán os actos ás 15.00 horas con sorteo de obsequios doados polos establecementos comerciais de Bretoña.

### EN AXENDA

**BRETOÑA.** A comisión de festas de Bretoña organiza o venres 15 de marzo unha cea baile a partir das 22.30 horas, que se desenvolverá no pavillón de Bretoña. Os asistentes poderán desfrutar dun xantar con empanadillas, arroz caldoso con lumbricante e marisco, tenreira guisada, brazo de xitano e café a un prezo de 30 euros para adultos e 20 para menores de dez anos. As persoas que desexen asistir deberán anotarse antes do 13 de marzo.

**REIGOSA.** A comisión de festas de Reigosa celebrará o 6 de abril un campionato de tute por parellas. Este evento terá lugar no Centro Sociocultural a partir das 19.00 e a inscrición será 80 puntos por parella coa cea incluída cun máximo de 32 parellas. Recibirán un premio as catro parellas mellor clasificadas na xeral e as catro da repesca. Estes irán entre os 600 puntos e 80 para os cuartos no primeiro caso e entre 200 e 60 para os de consolación.

**BOSCH Service**

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
jcpnelas@bosch-bcs.com

**MOBELRIAS**

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR  
Especialistas en moble modular e agora tamén  
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE



## A Xunta aproba a construción da residencia e centro de día

A Consellería de Política Social e Xuventude acordou financiar a instalación dun centro de día e residencia de maiores no Concello da Pastoriza. Foi a titular da entidade, Fabiola García, a que, nunha reunión co rexedor pastoricense, Darío Cabaneiro, e o tenente de alcalde, Marcos García, comunicou a decisión deste organismo, ante Elena Candia e Javier Arias, que tamén asistiron á reunión. O proxecto ten un orzamento de preto dun millón de euros e consistirá na edificación dun novo edificio nunha parcela de 5.600 metros cadrados situada ao lado da casa consistorial e o Punto de Atención á Infancia. A instalación contará con 40 prazas de atención como centro de día e 16



en atención residencial para persoas con dependencia recoñecida. Segundo indicou o alcalde, actualmente hai un total de 27 maiores que teñen que desprazarse a ou-

tro centro da contorna para recibir atención, situación que queren paliar con este novo centro, unha das promesas do partido para as eleccións.

## O Concello programa actuacións en estradas de varias parroquias

O Concello da Pastoriza continúa co seu proxecto para a mellora da rede viaria no termo municipal que ten un orzamento total de medio millón de euros con actuacións en 14 parroquias.

Así, dentro do Plan Marco da Xunta de Galicia, inclúe 9 novas actuacións que teñen un orzamento total de 74.000 euros e que afectarían ás parroquias de Bretoña, Álvare, Vián, Pousada, Crecente, Baltar e A Rigueira. As obras consistirían na limpeza e adecuación de cunetas ademais da implantación dunha capa de rego asfáltico.

Neste plan optouse por priorizar as vías que se atopan máis deterioradas ou ten paso o autobús escolar, así como as que prestan servizo ao sector agrogandeiro.

**PLAN ÚNICO.** O Concello presentou os proxectos para o arranxo de vías dentro do Plan Único de Cooperación cos Concellos da Deputación Provincial de Lugo, que hoxe recibe o nome de Plan Deputación.

Así, a previsión municipal é a intervención en 21 vías da rede municipal, que abrangue camiños en Bretoña, Loboso, Reigosa, Crecente, Gueimonde, San Cosme de Piñeiro, Pousada, Aguarda, Álvare e Cadavedo. O investimento total nestas obras será de 206.000 euros.

Por outra banda, a Deputación reparou xa o trazado da Lu-P-0103 dende o Campo das Cruces en Lagoa ata o Muíño de Couto en Úbeda.

Tamén a Xunta realizou unha intervención, ao reparar parte do trazado da LU-123 o seu paso por Bretoña no

barrio da Soledá.

**PARCELARIAS.** O Concello da Pastoriza fixo público a listaxe de obras que realizará en colaboración ca Xunta en zonas do medio rural.

Así, están previstas nove actuacións dentro de tres proxectos que se acollerán ao Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración parcelaria por importe de 242.000 euros.

O Concello adiantou que se farán actuacións en Pousada, Luxilde, Xemil, Francos en Bretoña, Marquide, A Igrexa e Portela na Rigueira, O Vilar e A Cubela en Reigosa, dende A Fraga ata Afoz e Travesía Principal Terceira. A aportación da Xunta está cifrada en 200.000 euros e o resto estará ao cargo do Concello.

## A Pastoriza contará cunha oficina agraria



O Concello anunciou a creación dunha oficina agraria. Este avance foi realizado no transcurso dunha reunión entre o conselleiro de Medio Rural, José González, e os representantes do Goberno local, o alcalde Darío Cabaneiro, e o tenente de alcalde, Marcos García Lombardero. Cabaneiro asegurou que se solicitou este servizo debido “á necesidade que hai debido á relevancia económica que ten a gandería na Pastoriza”, onde hai máis de

cen explotacións e preto de 20.000 cabezas de gando vacún. O obxectivo é que esta oficina, que será a número 68 de Galicia, conte con tres traballadores, dous veterinarios e un administrativo, que estará a dispor da veciñanza. Esta oficina farase a través dun convenio entre a Xunta e o Concello e este último será o encargado da cesión do espazo para a creación da mesma, que prestará servizo á municipios da contorna.

## Buscan financiamento para catro obras na vila

O Concello anunciou que pedirá unha subvención á Xunta para varias obras a realizar no termo municipal. Unha desas será a instalación dun parque infantil no centro, que estará doado de xogos infantís, e zona de merenda, e no que se incluírá unha tirolesa de 23 metros. O orzamento deste proxecto é de 48.000 euros. Ademais, tamén pedirán unha axuda para a adecuación do revestimento exterior do peche perimetral do campo de fútbol do Acebreiro, que ten un orzamento de 28.500 euros. Presentará outra solicitude para a

subvención do proxecto de execución de infraestruturas viarias no parque empresarial da Pastoriza. Tamén se presenta este proxecto á Xunta de Galicia e ten un importe nesta ocasión de 120.000 euros. Por outra banda, vén de presentar a solicitude para unha subvención coa que poida levar adiante o proxecto de aforro e eficiencia enerxética no pavillón de Bretoña, que implica o cambio de cuberta e vestiarios, instalación de paneis solares para ACS e luminarias LED). Ten un orzamento 150.000 euros.

**NOEL LÓPEZ PINÍN**  
• NUTRICIÓN •

MEJORA TU ALIMENTACION  
Y RECUPERA TU SALUD

AHORA TAMBIÉN EN  
VILALBA, TODOS LOS JUEVES  
EN DOS SANTOS ESTILISTAS.

C/ Armanjá 5, bajo - Lugo 27001 • Tels.: 982 580 322 / 637 310 437  
facebook: Noel López Pinín - Nutrición- • Instagram: @noelnutricion  
www.dietistanoel.com

**XVIII**  
**Festa do**  
**Queixo**  
**San Simón**  
**da Costa**  
6 e 7 de Abril  
2024. Vilalba



# Castro de Rei

## Dúas mulleres lideran os partidos da oposición e as dúas encabezaron a candidatura por primeira vez



### PSOE

Alba Sinda estreouse na política municipal para presentarse como candidata á Alcaldía de Castro de Rei polo PSOE nos últimos comicios, no mes de maio de 2023. O seu primeiro papel agora é como líder do segundo partido máis votado da oposición, que obtivo 3 dos 13 concelleiros elixibles. Sabe que a súa función céntrase no control do goberno. “Nós falamos cos veciños, observamos as deficiencias do concello, e trasladamos as súas inxerencias ao Pleno municipal. Alí algunhas veces conseguimos que se acepten as nosas propostas, e que a moi longo prazo, ao mellor, as executen, e outras veces non son nin tan sequera aceptadas. A maiorías das veces, si son aceptadas nunca chegan a ser realizadas”. Alba compaxina a súa vida como estudante dun Mestrado en Compostela, a vida social e en familia, e a vida activa nas xuventudes socialistas de Lugo, coa política local de

### DATOS

**HABITANTES:** 5.015.  
**PARROQUIAS:** 25.  
**EXTENSIÓN:** 176,9 km cadrados.  
**PARTIDO XUDICIAL:** Lugo.  
**CORPORACIÓN:** 9 concelleiros do PP, 3 do PSOE e 1 do BNG.  
**ALCALDE:** Francisco Balado Teijeiro (desde 2011).  
**VOCEIRA PSOE:** Alba Sinda Paz.  
**VOCEIRO BNG:** Olga García Portela.



Castro. “O maior sacrificio que fago é o tempo de vida social. Moitas veces non quedo coas miñas amigas e os meus amigos, ou se o fago é sen tempo para min, pola política. Ou vexo menos aos meus pais e á miña familia porque teño que estar presente na vida de Castro e observar o concello para ver que falla”, explica. Pero este tempo de sacrificio ten os

### PSOE: “O obxectivo é posicionarmos como un concello de referencia comarcal e provincial”

seus beneficios, “é ver como estou aportando o meu grauíño de area a que o meu concello sexa un lugar mellor. Ademais do orgullo que me provoca poder representar a Castro de Rei”.

Pero esta vinculación política non lle vén de lonxe. O seu tío avó foi alcalde, unha tía concelleira do PP e outro tío concelleiro polo PSOE ata este ano.

“Dende nena sempre lle tiven moito cariño ao meu concello, e sempre tiven moitas ganas e ideas para melloralo. Dende que teño conciencia política, definínome como unha persoa de esquerdas, xa que non concibo un mundo sen que axuda o próximo non sexa o vértice de todo. No 2020, o PSdeG de Castro de Rei quixo escoitar aos mozos e propuxéronse crear as Xuventudes Socialistas de Castro. Nese momento comezamos 4 rapaces e rapazas e eu convertínome na secretaria xeral da organización”, explica.

Cando Alba pensa nos seus obxectivos a nivel político teno claro: “son

posicionar a Castro de Rei como un concello de referencia comarcal e provincial. Mellorar a vida dos veciños e facer do municipio un lugar onde a xente o escolla para vivir”.

Entre os seus proxectos para o Concello figura “a creación dun centro de día, construción de vivendas sociais, maior transparencia, potenciar a cultura e historia do concello, arranxar infraestruturas e un plan de industrialización”.

Para ela, agora mesmo as necesidades máis urxentes para Castro de Rei son “a construción de vivendas sociais, xa que non hai case vivendas en alugueiro e os prezos están a alza, ademais de ser o un dos únicos concellos da contorna sen ter ningunha. Tamén a posta en marcha dun centro de día, para que os nosos maiores non pasen o día sos. Así mesmo o arranxo de infraestruturas que dan servizo aos veciños como poden ser a casa da cultura, a gardaría ou o centro médico”.

### BNG

Á fronte do BNG está agora Olga García Portela, cunha ideoloxía sempre afín a este partido. Aínda que levaba desde o ano 2011 vinculada aos nacionalistas, e formou parte das listas, foi nestas últimas eleccións cando encabezou a candidatura. Atópase soa para defender a ideoloxía e as propostas do partido nacionalista co único obxectivo de “intentar mellorar a vida da veciñanza” e para iso considera que a súa función é escoitar á veciñanza e facer propostas para levar ao pleno “todo o que consideramos para mellorar as condicións do Concello”.

Para Olga os beneficios deste traballo están na “satisfacción persoal por intentar que os servizos do Concello

vaian mellor” que se contrapón ás desvantaxes de “renunciar ao meu tempo de ocio para dedicalo a todo o que hai que facer como oposición”. O BNG formou parte da Corporación anos atrás en coalición co PSOE. Lembra como moi positivos algúns dos logros acadados, como o saneamento das débedas, a axilización dos trámites para a construción da residencia de Castro de Rei, adecuación dos locais con sistemas de calefac-

### BNG: “Eu aportarei o que crea que sexa positivo para o concello”

ción ou a rehabilitación do centro cívico do Matodoso.

De cara ao futuro ten claro que o seu é a política municipal. “Son conformista e no eido municipal doume por satisfeita con tal de que as cousas vaian mellorando. Eu aportarei o que crea que sexa positivo para o concello” e as súas apostas a nivel programático pasan por “mellorar os servizos sociais e as condicións de vida da nosa veciñanza do rural”.

Para Olga García o máis inmediato a realizar neste concello é “a mellora da subministración de augas, transporte público, vivenda social, programas culturais, dinamización dos mercados locais, pequenas empresas e axudas para fomentar a natalidade”.

As dúas políticas, como membros da oposición, consideran que as relacións co Goberno son cordiais, “procurando sempre que as diferencias no Pleno non afecten á relación como veciños que somos fóra do debate”.



**gato con botas**  
 zapatería  
 C/ Plácida Peña, 8 - Baixo  
 27800 Vilalba (Lugo)  
 Telf. 982516150

**GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA**  
 ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS  
 ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
 CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL  
 Novas oficinas:  
 Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba  
 Tlf 982 523 649 – 982 523 601  
 619 41 53 56 – 650 61 12 60



## Cruz Vermella de Castro Ribeiras de Lea acolle un proxecto pioneiro

Un proxecto pioneiro avalía en Castro Ribeiras de Lea os efectos do exercicio físico con realidade virtual en pacientes con dano cerebral adquirido, desenvolvido polo grupo HealthyFit e promovido pola Cruz Vermella de Lugo que estuda os posibles beneficios.

Nos últimos anos, o grupo de investigación HealthyFit, integrado por investigadores das facultades de Ciencias da Educación e do Deporte e Fisioterapia da Universidade de Vigo, analizou os beneficios de programas de exercicio físico levados a cabo con dispositivos de realidade virtual en diferentes colectivos, como poboación anciá ou persoas afectadas por párkinson. Nun proxecto pioneiro, promovido pola Cruz Vermella de Lugo, o grupo buscará agora avaliar os efectos en pacientes con dano



cerebral adquirido dun programa de "estimulación mutisensorial, que combina a actividade física e a cognitiva", como explica José María Canela, investigador principal do grupo. Este estudo piloto levarase a cabo no Centro de Dano Cerebral da Cruz Vermella en Castro Ribeiras de Lea e nel participarán pacientes que

presentan "un conxunto de secuelas en múltiples áreas funcionais, provocadas por lesións cerebrais", derivadas de ictus, traumatismos craneoencefálicos ou encefalopatías. "O que se quere facer é un programa específico de estimulación mutisensorial, no cal realizan exercicio físico e teñen que tomar decisións"

### Castro de Rei homenaxea ás mulleres deportistas co motivo do 8M

Co motivo da celebración do 8M, Día da Muller, o Concello de Castro organizou unha actividade en homenaxe ás mulleres deportistas de Castro de Rei. Co título *Mulleres en xogo* elaborouse un documental que se proxectará na casa da cultura de Castro Ribeiras do Lea o 15 de marzo, ás 21.00 horas.

Será nun acto que presentará Lucía Madarro e no que intervirán María José López; concelleira de Cultura e Servizos Sociais de Castro de Rei; Tania Fernández Lombao, xornalista e xefa operativa de programas de Radio Galega.

Completarase coa actuación dun cuarteto de mulleres dos Valuros. O ano pasado tamén fixeron in vídeo e estaba dedicado ás mulleres coidadoras.

## O Concello quiere crear unha ruta pola Vía Rexia

O Concello iniciou os trámites para solicitar á Secretaría Xeral de Turismo a creación dunha ruta turística de sendeirismo sobre parte do itinerario que discorre pola Vía Rexia do Norte. A denominación da ruta é a de Camiño Rexio e ten como obxectivo poñer en valor un camiño de peregrinación a Santiago que se desviaba do Camiño Norte en San Tirso de Abres, e que se unía co Camiño Primitivo en Lugo. Segundo explican desde o Concello, este camiño, ao seu paso polo concello de Castro de Rei "conta con numerosos elementos singulares que se atopan no seu trazado". Trátase dunha ruta histórica que en parte discorre por varios camiños xa existentes, de titularidade municipal e que en ocasións pasa

por algún tramo paralelo á estrada N-640, na que poden visitarse elementos moi significativos, como a Fonte da Troita no Couto de A, o Castro de Viladonga, as igrexas de Ludrio e Mondriz, así como o Pazo situado a escasos metros da igrexa parroquial, ou mesmo a Fonte da Virxe de Duancos, entre outros. As actuacións a realizar consisten na sinalización de paso da ruta con frechas de localización, a adaptación de zonas para uso peonil en vías municipais, a colocación de paneis informativos ao longo da ruta así como de paneis identificadores das súas características. O custe destes elementos é de 36.000 euros, que será a contía que solicite o Concello en forma de achega para poñer en marcha este proxecto.



## Compran terreos para ampliar a escavación no Castro de Viladonga

A Xunta vén de adquirir seis terreos da contorna do Castro de Viladonga, o que permitirá ampliar usos sociais e culturais deste espazo e os traballos de escavación e investigación. Así o informou o director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, durante a súa participación na apertura da mostra *O acibeche no mundo antigo. Unha aproximación dende o Castro de Viladonga*.

"A adquisición destas seis parcelas suporá a incorporación de case 20.000 m2 á superficie do Castro co obxectivo de continuar coas escavacións arqueolóxicas e afondar na significación histórica e patrimonial deste espazo", explicou Anxo M. Lorenzo. Ademais, con esta medida o Goberno galego tamén avanzará

nos estudos do sistema defensivo do Castro, así como no de outras zonas de intensa ocupación e utilización. Precisamente, a mostra inaugurada no Museo do castro é froito dun gran traballo de investigación e saca á luz unha ampla colección de acibeches recuperados durante máis de 50 anos de escavacións. A mostra, que estará dispoñible ata o mes de decembro, conta con sete pezas e oito fragmentos de acibeche en bruto mediante reproducións fotográficas para poñer en valor o traballo artesanal do acibeche na antigüidade e dar a coñecer as elaboracións e producións desa época, destacando especialmente pezas -en imaxes- como os osos ou os medallóns tallados co acibeche de Whitby.

### MANIFESTACIÓN GRUPO SADA



Traballadores e traballadoras do matadoiro que o Grupo SADA PA SA ten en Casto Ribeiras de Lea concentráronse en rexeitamento aos continuos despedimentos, a redución de empregos e para demandar garantías de que a empresa manterá a actividade produtiva e todos os postos de traballo na sala de despece.

## Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?





abadín

## Expogrelo puxo á venda preto de 2.000 kg de 18 produtores

Un total de 18 produtores participaron finalmente nunha nova edición de Expogrelo, a tradicional feira de Gontán, que chegaba á súa 18 edición.

Malia ser unha tempada complicada para este produto debido ao clima, chegaron aos postos de Abadín preto de 2.000 quilos deste manjar, situación á que contribuíu o cambio nas condicións climáticas das últimas semanas.

Así que na xornada de reflexión Abadín acolleu esta feira na que asistiu numeroso público para desfrutar das actividades programadas.

Ademais repartíronse os tradicionais premios. A mellor decoración foi



para Evangelina Cruña, que acudía por primeira vez á feira e que fixo a súa peculiar reivindicación polo apoio ao rural. Tamén foron premiados Marisol Grandío e Armando

Souto.

A programación completouse cunha degustación de grelos en cocido, unha verbena e unha actuación de batukada.

## A Xunta pon en valor iniciativas no rural como a de Innogando

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, visitou a empresa Innogando, situada no concello de Abadín, e cofundada por Elio López García, gañador dos premios Talento Mozo 2023 na categoría de Medio Rural. Durante a visita lembrou que esta iniciativa da Consellería de Política Social e Xuventude fomenta e valora o emprendemento da xuventude en distintas categorías.

A directora xeral lembrou que este mozo, natural de Cospeito, cofundou no ano 2020 a empresa Innogando xunto ao seu veciño Daniel Pardo Rus. Unha empresa coa que ten conseguido diversos recoñecementos.



Trátase dunha firma que se dedica a proporcionar tecnoloxía para mellorar a calidade de vida dos gandeiros e dar unha maior rendibilidade ás granxas, ao tempo que se garante e promove o benestar animal.

Os premios Talento Mozo buscan dar visibilidade ao enxeño e capacidade de xente nova entre os 18 e 35 anos cunha traxectoria relevante nas modalidades de Ciencia, Rural, Deporte, Empresa e Cultura e Creación.

### Cabaleiros organiza a segunda ruta cabalar o día 23

O club Cabaleiros de Abadín celebrará o sábado 23 de marzo a segunda edición da súa Ruta Cabalar, que dará comezo ás 10.00 horas con saída do Campo da feira de Gontán e chegada ao mesmo lugar.

Como colofón da ruta celebrarase un xantar, ás 14.30 horas, no campo da feira servido por Hermanos Debasa a un prezo de 25 euros. Habrá unha sesión vermú con Dj Akapeabody e colchonetas de balde para os nenos. A asociación lembra que para acudir ao xantar non é necesario ir a cabalo pero si hai que anotarse antes do día 17 de marzo nos teléfonos 657 184 532 ou no 674 486 628.

## Remata o proceso para entregar o polígono

A Xunta de Goberno deu o último paso administrativo para entregar ao Concello de Cospeito o polígono industrial que construíu a institución provincial cun investimento de 1,3 millóns de euros.

Así o anunciou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen lembrou que foi "este Goberno provincial o que no ano 2020 asumiu o proxecto de construción do polígono industrial de Cospeito, que estaba en mans da extinta Suplusa", e a día de hoxe "a Deputación xa ten completados todos os traballos de urbanización que lle correspondía acometer". As obras consistiron no movemento de terras, instalación das redes de saneamento, pluviais, abastecemento, alumeadado público, telecomunicacións, gas, centro de

transformación e sinalización do complexo.

Desta forma, a institución cumpriu con todas as obrigas que lle atribúe o convenio de colaboración firmado en xuño de 2005 entre a propia entidade provincial, o Concello e a extinta Suplusa para a construción do polígono. Polo tanto, "a Deputación está en condicións de proceder á entrega do parque empresarial ao Concello, de poder iniciar o expediente para a venda das parcelas e de formalizar as reservas de solo existente", explicou.

De feito, a Xunta de Goberno acordou comunicar ao propio Concello que debe dar cumprimento ao disposto "xa que lle corresponde á entidade local dotar ao complexo dos servizos necesarios de auga e sumidoiros".

## A Pena fará unha homenaxe ao escritor Darío Xohán Cabana

O domingo, 7 de abril, ás 18,30, na Casa da Cultura de Feira do Monte, terá lugar un acto en lembranza de Darío Xohan Cabana, organizado pola asociación veciñal A Pena de Santa Mª de Cospeito.

Con este homenaxe o colectivo que ofrecer un "recoñecemento e gratitude ao home sinxelo e traballador, amante do seu país, grande poeta que cantou coma ninguén á Terrachá".

A sesión combinará música e poesía, xa que contará coa actuación do cuarteto vocal Son de Corda. A actuación é de entrada libre e gratuíta. Darío Xohán Cabana Yanes, unha das grandes voces das letras galegas contemporáneas. O escritor e tradutor,



nado en Roás no ano 1952, faleceu o 17 de novembro aos 69 anos de idade. Ao longo de máis de medio século de vida, Darío Xohán Cabana cultivou case todos os xéneros en máis de corenta títulos dirixidos tanto ao público adulto como ao máis novo.

### NINGÚN ARO SEN REDE



A UNED de Lugo e a Fundación Breogán puxeron o punto e final ao programa Ningún Aro sen Rede visitando último centro educativo participante, o CEIP de Muimenta. Ningún Aro Sen Rede, un proxecto que xorde da idea de lograr sinerxías necesarias para prover a aqueles centros escolares que o necesiten de redes de baloncesto artesanais, recicladas e sustentables.



## A USC reconece co Premio Aresa os 40 anos de vida da Moexmu

O Premio Aresa de Desenvolvemento Rural reconece o traballo a prol do desenvolvemento do medio rural pola Moexmu, tal e como se coñece a Mostra Exposición Muimenta, unha iniciativa impulsada a mediados da década dos anos 80 do pasado século XX pola veciñanza.

O reitor da USC, Antonio López, puxo en valor o traballo feito polas distintas comisións organizadoras que cada ano traballan a reo para encher de vida o recinto Manuel Vila de Muimenta, ao transformalo por uns días en escaparate tecnolóxico con apeiros e maquinaria agroforestal de última xeración, ademais de en escenario dun concurso de gando de alto nivel, o único certame de gando frisón que se segue a celebrar na provincia de Lugo.

Daquela, o cometido da Moexmu para a profesionalización do sector gandeiro, a remuda xeracional no agro, o desenvolvemento do rural e a posta en valor da gastronomía local, a través da celebración da Festa da Filloa, foron outros dos méritos valorados polo xurado para a concesión deste galardón.

A cerimonia de entrega da vixésimo cuarta edición do Premio Aresa, dotado dunha gratificación en metálico de 10.000 euros, ademais de placa conmemorativa tributou unha homenaxe anticipada á Moexmu, a feira das feiras da Terra Chá, que cumprirá as súas primeiras 40 primaveras do 5 ao 7 de abril, cuxa veciñanza completa e complementa cada edición da súa mostra exposición coa Festa da Filloa.



## A feira que quiere ser Festa de Interese Turístico

Dende a xerencia da Moexmu comenzouse a preparación do expediente para que a esta feira poida ser declarada de Interese Turístico de Galicia por parte da Xunta de Galicia.

Considérase que se cumpren os requisitos que establece a lexislación vixente, para iso, e en coordinación co Concello de Cospeito, xa se solicitou a súa declaración de apoio. A idea é presentar dito expediente ante a Axencia Galega de Turismo

días despois da celebración da corenta edición, que se celebrará os días 5, 6 e 7 de abril.

“Sería un novo respaldo, no caso de acadar dita distinción, despois de acadar o XXIV Premio AREA de Desenvolvemento Rural”, subliñan desde a organización.

Por outra banda, segue aberto o prazo para a reserva dos postos de artesanía e produtos galegos de calidade, así como das parcelas de maquinaria agrícola.

O xerente da Moexmu, José Manuel Rus, recolleu o XXIV Premio Aresa, “un galardón moi gratificante para min e para todo o equipo”, dixo. De seguido, Rus dirixiuse ao poboado auditorio de Veterinaria para lembrar algúns dos obxectivos principais da Moexmu, tales como son “poten-

ciar o sector primario a través sobre todo do concurso, da exposición, da poxa e tamén da artesanía, co exemplo dos zoqueiros; loitar contra o despoboamento, gran problema do rural a día de hoxe, e reconecer tamén o espírito emprendedor da veciñanza de Muimenta”.

### SAN MARTIÑO DE PINO



O colectivo de San Martiño de Pino celebrou o Día de Rosalía xunto á entrega de premios do concurso de caligramas. Na sesión rendeuse unha homenaxe á figura de Rosalía de Castro coa actividade Enmarcando a Rosalía, que contou coa lectura de versos nun enmarcado poético.

## Recollida de 200 kg de tapóns solidarios

Cospeito fixo entrega de 200 quilos de tapóns solidarios á Asociación de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade Intelectual, Aspnaís Lugo, para colaborar nos proxectos desta entidade, que atende a diversas persoas de Cospeito e realiza un labor fundamental na provincia no relativo á atención a persoas con discapacidade e ás súas familias. Logo de recollelos clasificaranse nun taller dedicado á selección e clasificación de tapóns e plásticos válidos para a reciclaxe.

## A veciñanza de Bexán está molesta co proxecto de monte en man común

Membros da Xefatura territorial da Consellería de Medio Rural visitaron a parroquia de Bexán para explicarles aos veciños as peculiaridades e mecanismos para unirse nunha comunidade de montes e a clasificación dos terreos como Monte Veciñal en Man Común.

Hai unha resolución de 2017 que especifica os pasos a seguir pero o proceso xera un conflito entre a veciñanza xa que a zonificación, aquelas parcelas que se verían que pasarían a ser monte veciñal en man común, es considera “anómala, dispersa e feita a dedo”. Segundo se queixan os veciños, esta inclúe 5 zonas completamente separadas e, ademais, nunha das parcelas existe unha edificación que está habitada.

“Esta zonificación entraría en controversia con aquelas fincas que fo-

ron traballadas durante toda a vida por certos veciños, algúns pagaron dereitos de uso, investiron nelas e agora perden o uso da mesma se acaban pasando a ser monte veciñal”, segundo explica o concelleiro socialista Daniel Irimia, que acudiu á reunión informativa dos veciños a petición dos mesmos.

O proxecto de monte veciñal en man común desta parroquia afecta a un total de 84,6 hectáreas, tal e como figura no proxecto, polo que existen moitos veciños afectados pola mesma. Estes queixanse de que non foron informados coa suficiente premura sobre o proxecto e que hai que mirar a definición das fincas.

“Non lle fai favor ao rural entrar coa normativa sen atender ás particularidades de cada parroquia”, engade Daniel Irimia.

## Rematan as restauracións prometidas pola comisión de Muimenta

A comisión das festas de Muimenta 2023 informou xa rematou todas as accións que prometera realizar ao rematar as festas cos cartos sobrantes da celebración. O ano pasado a comisión obtivo un balance positivo nas contas desta celebración polo que cos cartos sobrantes do recadado para as patronais foron destinados a outras accións.

Así, comezouse coa organización duns Cantos de Taberna, que tiveron lugar no mes de novembro. Ademais, en colaboración coa actual directiva da Asociación Cultural e Veciñal Aquilino Iglesia Alvariño remodelouse o tellado do Caseto do Río. O colectivo presentou un orzamento para a súa reparación, e a comisión decidiu aceptalo.

Por último e seguindo a idea orixinal da comisión, procedeuse á restauración da imaxe do Sagrado Corazón,



que alberga a parroquia. Para iso, iniciaron os contactos co propio párroco de Muimenta e cunha restauradora. Aceptaron o orzamento, e logo do proceso de redacción de memoria e solicitude dos correspondentes permisos a presentar ante Patrimonio, da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e o propio Bispado de Mondoñedo-Ferrol, comezouse co traballo. Tamén rematou o mesmo proceso noutra figura, a dos Milagros, polo que o orzamento queda completamente executado.





Especialidad en:

- \* Desayunos
- \* **CHOCOLATE CON CHURROS**
- \* Vinos y tapas

# El Budha

**CAFETERÍA · PASTELERÍA · TAPERÍA**

Plaza Suso Gayoso, 10 Vilalba / Tel.: 697 203 501



meira

## Meira diseña o programa de Semana Santa

A Confraría Nosa Señora do Pedregal e o Concello de Meira presentaron o programa de celebración da Semana Santa, que arrancará o día 24 coa tradicional bendición de ramos, ás 19.00 horas na praza Maior o acto relixioso que abrirá o programa que se prolongará ao luns coa celebración comunitaria da penitencia, ás 20.00 horas.

O Mércores Santo, ás 22.00 horas terá lugar a tradicional Tamborra-  
dos do resto dos días.

O Venres Santo haberá dúas citas, o Vía Crucis será a partir das 12.00 horas entre a Igrexa e a Capela de San Roque e, pola tarde, ás 21.00 horas, realizarase a procesión do Santo Encontro.

**EXPOSICIÓN.** A igrexa de Santa María en Meira acollerá tamén unha exposición como é tradicional. Nesta ocasión quere facer unha exposición con fotos antigas de Semana Santa co título Lem-



branzas e Lugares. Así o obxectivo é recompilar imaxes tomadas na Casa Lombardero.

## Continúan os actos do Día da Muller

Abriu no Cabanón Grande do Convento a exposición fotográfica de Mercedes Vázquez Saavedra, *Mulheres* dentro dos actos do 8M. Esta poderá visitarse ata o 16 de marzo. A outra cita dedicada á muller será un recitar, que terá lugar do venres 15, ás 20.00 horas, coa participación de Xesús Trashorras, Manuel Vázquez, Sonia Melón, Xesús Bermúdez Tellado, Xulio Pardo de Neyra, Fernando Juan así como as asociacións Poeta Avelino Díaz e a Plataforma Feminista.

## Convocan unha sesión do programa Xunt@s de nutrición e alimentación

A Deputación de continúa en Meira con accións do programa Xunt@s, creado con actividades gratuítas, de lecer e formación para contribuír ao envellecemento activo no rural a través do impulso da participación cidadá e o asociacionismo.

Así, este mércores 27 será organizárase unha xornada gratuíta sobre nutrición e hábitos saudables a partir das 16.00 horas na casa da cultura.

## ENCANTO TELEMÁTICO



O alumnado de ciencias de 4º da ESO e de Bacharelato do IES Pedregal de Irimia de Meira participou nun encontro telemático coa científica Sonia Villapol. Esta actividade enmárcase dentro do programa de mentorado Latexos pola Ciencia. A investigadora impartiu unha conferencia sobre unha das liñas de investigación do seu laboratorio, a microbiota intestinal e como se relaciona coas enfermidades neurolóxicas, entre elas a covid.



**ROMANCEIRO DO PEDREGAL.** A Casa do Concello de Meira acolleu a presentación do Romanceiro do Pedregal de Irimia, de Xosé Otero Canto, e ilustrada por Anxo Grande Penela, ante medio cento de persoas, que acudiron á convocatoria e puideron escoitar os versos na voz do seu autor e acompañamento musical de Son Galego do que forma parte o ilustrador da obra.



## Atopan nas Insuas do Miño a femia de morcego máis grande de Galicia

Véñse de rexistrar nas Insuas do Miño o morcego máis grande atopado en Galicia. Trátase dunha femia de nóctulo grande (*Nyctalus lasiopterus*), unha especie migradora que posúe o récord de distancia de migración para un morcego en Europa.

O achado tivo lugar nunha visita dun grupo de escolares de 5º de Primaria do colexio Andaina da Coruña, que visitaron as Insuas do Miño para coñecer e participar no proxecto de Morcegos de Galicia e a Asociación Galega de Custodia do Territorio, que se desenvolve na rede de caixas refuxio instaladas nesta contorna dende o 2008.

O nóctulo grande é a especie europea de morcego de maior tamaño. É migradora, especialmente as femias, que poden viaxar ata varios miles de quilómetros entre os lugares de cría e de invernada. De feito, hai poucas semanas publicouse o récord de distancia percorrida por un morcego en Europa, que corresponde, xustamente, a un exemplar de nóctulo grande, que percorreu 2.515 quilómetros en liña recta desde Rusia ata o norte de Italia.

Trátase ademais da única especie europea que inclúe vertebrados na súa dieta, xa que se alimenta parcialmente de pequenas aves que voan na noite durante a migración.

## OBRAS NO COLEXIO



A Consellería de Educación vén de investir 12.000 euros nas obras de mellora do CEIP Otero Pedrayo. En concreto, leváronse a cabo varias actuacións no comedor escolar, como a colocación de teito para a mellora do illamento térmico e acústico, a mellora da iluminación, o pintado do almacén e o cambio de canos no patio interior.

Asesoría Enerxética  
**Terra Chá**

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS  
SUBVENCIÓNS  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Tel.: 669 761 869 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

**ATABERNA**

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA  
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES CARTA  
SUS REVUELTOS DE BARRIL ALCO PÍCAR  
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO ENSALADAS SABOREAR TORTILLAS  
PASTAS RAXO PATATAS  
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS



## Rábade presenta a nova edición do Máster de fútbolín de marzo

O Máster Nacional de Fútbolín, que este ano chega á vixésimo quinta edición, celebrarase nas datas previstas para o mes de marzo, o 28, 29 e 30, coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa. As inscricións están abertas.

Para celebrar este aniversario tan especial, a organización aumentou a cuantía e o número dos premios de engade algún trofeo individual máis polo que repartirá 15.000 euros e 137 trofeos, case 5.000 euros máis que na edición anterior. Prevese superar de novo as máis de 300 parellas participantes, en especial polo volume dos premios e ao tratarse dun aniversario especial.

Como en anteriores edicións, haberá cinco modalidades de xogo e tres niveis e xogarase en tres locais, no Salón Papyrus, no IES Río Miño e no CEIP Otero Pedrayo.

O Gran Máster Nacional de Fútbolín repartirá para os de movemento e en parado oito premios desde os 1.600 aos 100 euros ademais do trofeo. O resto de premios, oscilarán



entre os 600 e os 25 euros. Aumentan o apartado feminino, no que as gañadoras recibirán 800 euros e haberá premio para oito parellas. Ademais os trofeos serán diferentes xa que se elaboran para cada torneo e terán un deseño exclusivo e orixinal.

Tamén contarán de novo co trofeo Alejandro Finisterre, para o xogador máis regular; o trofeo Concello de Rábade para o mellor xogador e o trofeo David García, para o mellor porteiro. Continúan tamén o trofeo Xunta de Galicia ao mellor xogador

da comunidade autónoma, o trofeo Bola Meiga á amizade, o trofeo Peña Rábade Fútbolín á peña máis participativa; o trofeo Galicial ao mellor xogador da provincia de Lugo, e o trofeo Merchi á mellor xogadora. Con este último quérese ofrecer unha homenaxe a unha das primeiras gañadoras que aportou moito ao fútbolín. Engádese o Trofeo JMCR, ao Máster Leyenda.

Nesta gran festa do fútbolín colaboran a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo (Vicepresidencia), a mocidade local e o Concello de Rábade.

### Case 150 persoas fixeron a ruta viaxeira do Xeodestino

Uns 146 participantes de moi diversas procedencias participaron en Rábade, na VI xornada viaxeira Descubrindo a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa con Guido Guía.

De toda Galicia e tamén de fóra achegáronse persoas animadas a descubrir o patrimonio histórico e cultural deste sexto concello participante do programa organizado polo GDR-4 e o Xeodestino Comarca de Lugo e Terras da Ulloa. A gastronomía local e a música tradicional foron novamente os protagonistas.

A vindeira xornada será no Corgo o 6 de abril, e as inscricións xa están abertas.

## Convocada para o 25 de maio a segunda edición do festival Entrepontes

O colectivo Fillos da Chaira vén de convocar a celebración da segunda edición do festival que se desenvolverá na localidade en maio baixo o título Festival Entrepontes.

A data escollida foi o día 25 de maio para unha cita coa música que será gratuita para os asistentes e que tivo un gran éxito o ano pasado.

A primeira confirmación do festival será o grupo Lontreira, unha banda musical galega integrada por Adri Coyote (Adriana Cores

da Illa de Arousa) Rotce (Héctor Rodríguez de Moaña) e Iván Barral de Meis.

Segundo avanzou a organización, o festival contará cunha xornada chea de actividades na e moitas máis actuacións que irán coñecendo a medida que avancen as semanas. A segunda das confirmacións é Tecor Societário, un grupo celtic punk, e a terceira Berta Franklin, que combina o soul, psicodelia, new-wave e rock actual.



**PRAZA CASTELAO.** O Goberno local acometeu o arranxo das deficiencias atopadas ao recibir o Parque da Praza Castelao e os seus arredores; como os acabados defectuosos, a falta de papeleiras -xa instaladas-, o consumo continuado de auga -ao que xa se lle puxo unha billa-, as árbores en mal estado, que van ser saneadas, ou as fochancas nas beirarrúas.



**NIÑOS DE ANDURIÑA.** O Concello de Rábade, coa autorización e supervisión dos axentes ambientais da Consellería de Medio Ambiente, retirou no na Avenida de Portugal os niños de anduriñas situados nun edificio sobre o dominio público que ocasionaban problemas sanitarios ao estar preto dun negocio de alimentación. Aproveitouse tamén para instalar dispositivos disuasorios para que fagan os seus niños noutros lugares que sexan menos problemáticos.



**CONCENTRACIÓN.** Traballadores de Finsa, en Rábade, realizaron unha concentración ante as instalacións para continuar coa súa protesta en favor dun convenio xusto. A de Rábade é a terceira concentración que se realiza ante esta empresa. Os traballadores quíxanse das condicións de traballo, dos calendarios e de que a empresa non cubre as súas demandas salariais.





## begonte

## O PP pregunta á Deputación o destino do catamarán da nave

O voceiro popular, Antonio Ameijide, explica que a nave da Deputación “é un grave perigo xa que “está sen pechar, polo que calquera pode acceder ao recinto, no que hai un pozo aberto, un catamarán tirado no exterior da nave, esnaquizado, como se dun desguace se tratase, ademais de outros tipos de residuos”.

“Esta situación provocou unha investigación por parte das autoridades e pode que supoña unha sanción para a Deputación de Lugo por abandono de residuos”, afirmou.

Dende o PP esixen “respecto, traballo, dignidade e coidado polas propiedades provinciais para que

se poñan a disposición dos veciños porque o que se ve nesta parcela é totalmente insalubre e non se pode permitir. Isto non se lle permite a ningún particular, pero así é como tratan José Tomé, PSOE e BNG as propiedades de todos os lucenses”.

“A realidade é que o único que fixo a Deputación foi desbrozar a finca debido á presión exercida polo PP e ás notificacións do Concello de Begonte”, di. Dende o Grupo Provincial Popular defenderase unha iniciativa no pleno do martes para coñecer que pensa facer José Tomé co catamarán que ten tirado nesa parcela e que está totalmente esnaquizado.

### CENTENARIA EN VIRIS



A veciña de Virís Javiera Arias Codesal celebrou o seu centenario de vida e Concello de Begonte quixo estar presente neste día tan especial. O alcalde, José Ulla, e a Concelleira de Cultura, Sonia Varela, desprazáronse ata a súa casa para entregarlle un agasallo de parte de todos os veciños e veciñas de Begonte.

## Organizan unha excursión a Lalín para veciños da localidade

O vindeiro luns día 1 de abril, o Concello de Begonte fará unha excursión a Lalín, onde poderán visitar o Santuario da Virxe do Corpiño, o Museo do astrónomo Ramón María Aller e degustar un bo cocido galego seguido da tradicional queimada.

A excursión ten un prezo de 45 euros para empadroados e de 55 para os non empadroados. Hai 50 prazas,

que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición no Concello ata o mércores 27 de marzo. A viaxe inclúe almuerzo, xantar e viaxe.

Para realizar a inscrición será necesario cubrir o modelo de solicitude, achegar o DNI, a tarxeta sanitaria e o xustificante de pago (facilitarase o número de conta para facer o ingreso na propia solicitude).



## O CEIP de Parga queda segundo no concurso de carteis do 8M

A Xunta vén de outorgar os premios da sétima edición do concurso de carteis escolares convocado co gallo do 8-M, Día Internacional da Muller. Así, o xurado vén de decidir entre as 124 propostas presentadas no marco das tres categorías do certame, recoñecendo o traballo de centros educativos da Coruña, Arteixo, Vigo, Moaña, Guitiriz e O Carballiño.

Na primeira categoría, dirixida a infantil e aos cursos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto de Educación Primaria, obtivo o primeiro premio alumnado de 1º de Primaria do CEIP Seara do concello pontevedrés de Moaña, co seu cartel titulado Re-



mando cara á igualdade. Mentres, o segundo galardón recaeu en alumnas e alumnos de 3º e 4º de Primaria

do CEIP Plurilingüe Santo Estevo de Parga da localidade lucense de Guitiriz, polo seu traballo baixo o lema *Súmame ao feminismo: búscanse homes feministas*.

No resto de categorías os premios quedaron fóra da provincia de Lugo tamén, sendo o colexio de Parga o único que obtivo representación.

Desde o ano 2018, cando comezou a celebrarse este concurso, téñense presentado preto de 700 carteis escolares nas tres categorías do concurso. Das 124 que concorreron este ano, 25 presentáronse na primeira categoría, 50 na segunda e 49 na terceira.

## O Parga Rock celebrarase este ano os días 6 e 7 de setembro

A organización do Parga Rock xa deu a coñecer as datas nas que se celebrará o próximo festival musical, nesta parroquia de Guitiriz. Será por tanto a fin de semana do 6 e 7 de setembro deste ano na que será a súa edición número VII.

O festival de música rock e metal será novamente de entrada gratuíta e levarase a cabo na Carballeira de Parga con sesión vermú e unha representación dos grupos punteiros neste tipo de música.



A organización non tardará en comunicar as primeiras confirmacións de grupos asistentes.

### EN BREVE

**BAILE.** O Concello de Guitiriz continúa a ofertar clases de baile para persoas maiores de 50 anos. Estas están en marcha desde o 16 de xaneiro, e celebraranse todos os martes e os xoves ás 18.00 horas no ximnasio do IES Poeta Díaz Castro. Os interesados poderán anotarse ata completar aforo. O prezo da inscrición varía entre os 15 e os 17 euros. As consultas e inscricións poden facerse de xeito presencial na casa do concello ou ben a través da sede electrónica municipal ([guitiriz.sedelectronica.gal](mailto:guitiriz.sedelectronica.gal)).

**ENVELLECIMENTO.** O programa Xunt@s continúa no concello de Guitiriz. Trátase dunha iniciativa impulsada pola Deputación de Lugo que, da man dos municipios da provincia, busca contribuír ao envellecemento activo no rural a través de actividades gratuítas de lecer e formación. Nesta ocasión será unha charla sobre envellecemento activo, que terá lugar o mércores 13 de marzo, ás 17.00 horas, na casa da cultura.

**VAIXE A PADRÓN.** Organizan unha viaxe á Feira de Padrón para o domingo 17 de marzo. O prazo para anotarse na Oficina de Turismo municipal, ou chamando ao teléfono 982 370 109, estará aberto ata o xoves 14 de marzo, as prazas son limitadas e darase preferencia ás persoas empadroadas.

### PROGRAMA INECO RURAL TIC



O programa Ineco RuralTIC para a dixitalización social e económica da poboación deu comezo en Guitiriz, onde os traballadores desta consultora pública, pertencente ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, permanecerán durante dúas semanas co obxectivo de romper a fenda dixital, con formación e apoio no uso das novas tecnoloxías.

### José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformacións agrarias  
Desbroces e plantacións de montes  
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138





## guitiriz

## O Vilares celebra as festas de Pascua desde o venres 29

Os Vilares festexa durante a Semana Santa, as festas de Pascua e da Virxe dos Desamparados.

O programa abrírase o venres 29 cunha festa infantil gratuíta. Ao remate haberá unha liscada tamén de balde e, a partir das 21.00 horas, terá lugar a actuación de Martín Carrión.

O sábado haberá sesión vermú coa orquestra Acordes e a verbena contará tamén con esta mesma e o grupo Origen. O domingo haberá misas solemnes ás 10, 11, 12 e 13 horas seguido de procesión. A sesión vermú estará a cargo da orquestra Fuego, que tamén estará na verbena xunto a Olympus.

Tamén haberá unha sesión de tarde coa discoteca móbil Puzzle.

O luns 1 de abril, repetiránse os oficios relixiosos durante a mañá ás 11, 12 e 13 horas. A procesión contará coa actuación do grupo de gaitas Axóuxere. Darase por terminada a festa coa sesión vermú, que estará a cargo de Unión y Fuerza.

## riotorto

## Subastan unha finca na parroquia de Meilán de Riotorto

A Delegación de Economía e Facenda de Lugo vai proceder á venda dunha finca da concentración parcelaria de Meilán mediante poxa pública, segundo informou o Concello de Riotorto.

Trátase dunha parcela afectada pola expropiación do parque eólico que ten unha superficie de 22.000 metros cadrados e un prezo de 4.632 euros.

Aquelas persoas que desexen participar na poxa deberán presentar a súa oferta en sobre pechado con prezo á alza antes das 13.30 horas do 5 de abril. Deberán ser entregadas na Delegación de Economía e Facenda de Lugo.

## Representación de teatro o 17 en Chacín

O grupo de teatro Pico do Castro presenta en Riotorto a súa comedia *Mal do miolo*, organizada pola asociación de veciños da parroquia de Chacín.

A representación terá lugar o domingo 17 de marzo ás 18.00 horas na Escola de Chacín. Trátase da obra orixinal de Juan José Villarino.

## Mellora o sistema de recollida de pilas usadas

O Concello vén de substituír os envases para a recollida de pilas usadas co obxectivo de mellorar o proceso de reciclado e a xestión destes residuos, que poden ser tóxicos para as persoas e o medio ambiente.

Así, estableceu uns recipientes para a recollida e estableceu varios puntos de recollida no termo municipal que son o concello, centro de saúde, biblioteca municipal, gasolinera Candamil, farmacia Xermade nas escolas de Lousada de Arriba, Lousada de Abaixo, O Calvario de Cazás e Momán, ademais dos locais socias de Miraz, A Panda de Piñeiro, A Criba de Roupar, A Casanova de Roupar e Cabreiros.



As pilas son reciclables, e de feito é moi necesario que se faga isto. Conteñen metais e substancias químicas que poden ser tóxicas como o mercurio, o chumbo ou o cadmio, que son moi perigosos tanto para a saúde como para o medioambiente.

## A asociación de Cabreiros abre un ciclo de 4 rutas

A Asociación de Veciños de Cabreiros organiza saídas a diferentes rutas de sendeirismo para seguir coñecendo e gozando da paisaxe e da natureza. As camiñadas darán comezo o sábado 23 de marzo, sendo a primeira pola Ruta da Carballeira, Ruta Pena da Noira e Dolmen Forno dos Mouros. Trátase dun percorrido de 17 quilómetros de dificultade media por este concello e o veciño de Sobrado. A saída desta primeira está prevista para as 8.45 de Cabreiros e intentarán viaxar en autobús. O prazo de inscrición é ata o 18 de marzo. No mes de abril haberá dúas rutas. A primeira está prevista para o día 13, para facer a ruta arqueolóxica

do Acevedo, en Outeiro de Rei, que ten 11 quilómetros e unha dificultade baixa. Esta ruta dá comezo en Marful, xunto á igrexa e percorreren zonas consideras Ben de Interese Cultural. O domingo 21 o percorrido será polas Pontes, concretamente a ruta do río Ponte da Pedra, que ten 12,5 quilómetros de dificultade baixa. Esta ruta comeza no lago para facer un percorrido polas antigas instalacións mineiras.

Rematarán o ciclo o domingo 12 de maio par facer a ruta polos Muíños do Xábrega, en Sober, de 13 quilómetros e dificultade media. A ruta comeza no pazo Casa Grande de Rosende.

Rúa Campo de Puente 65 baixo  
VILALBA  
T: 982 523 499 / 623 552 876  
ebosobradoirodoce@gmail.com  
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

## xermade



## Sotavento colócase á vangarda da produción de hidróxeno verde

Hai 16 anos, Sotavento realizaba un proxecto practicamente único a nivel mundial que situou á instalación á vangarda da utilización do hidróxeno como sistema de almacenamento eléctrico. Aquel ano 2008, Sotavento, en colaboración coa Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e Gas Natural Fenosa, puxeron en marcha un proxecto para a exploración tecnolóxica do hidróxeno como vector enerxético. Esta instalación pioneira, contaba con catro electrolizadores que se encargaban de producir hidróxeno grazas á enerxía eléctrica procedente dos aerogeneradores para posteriormente almacenalo e reconvertelo en electricidade cando fose necesario. Nesta liña, neste exercicio 2023 que acaba de finalizar, Sotavento puxo en marcha varios proxectos. Un dos máis significativos foi o proxecto de hibridación eólica-fotovoltaica: trátase de combinar a xeración de electricidade a partir de dúas ou máis fontes renovables, compartindo un mesmo punto de conexión. Desta forma, súmase á xeración eólica unha planta fotovoltaica de 100 kW sen necesidade de aumentar infraes-

truturas co que se reduce considerablemente o impacto ambiental.

No ámbito da eficiencia, estívoose traballando na actualización e mellora da vivenda bioclimática demostrativa que, en breve, contará cun novo de sistema de control renovado que optimizará as súas capacidades para conseguir confort no interior co menor custo posible.

Tamén durante o ano 2023, Sotavento finalizou a Aula das Enerxías realizada para o Concello de Salamanca, que consistiu duplicar a pequena escala o proxecto de Sotavento na cidade castelá con numeroso material didáctico e formativo, así como aplicacións e calculadores de consumo tanto de auga como de electricidade. Neste mesmo período, a entidade levou a cabo unha acción social de fomento das enerxías renovables creada e deseñada polo departamento educativo de Sotavento para a empresa Norvento. Dita acción social, consiste na realización dunha serie de xornadas pedagóxicas de educación enerxética en distintos centros educativos e que este ano se centraron nos concellos de Lugo e Barro.

**EN BOAS MANS**  
CENTRO DE FISIOTERAPIA

**SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO**

**FISIOTERAPIA**  
Deportiva  
Neurolóxica  
Traumatolóxica  
Drenaxe Linfático  
E.P.I. / EPTE

**TRATAMIENTOS**  
Accidentes de tráfico  
Lesiones Deportivas  
Neurológico  
Traumatolóxico  
Ondas de Choque  
Radiofrecuencia  
Game Ready  
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 baixo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

[www.boasmans.com](http://www.boasmans.com)  
info@boasmans.com



## Regresan este mes as xornadas de seguridade na moto

O sábado 23 de marzo o motoclub Lóstregos-Lvcvs organiza as XII Xornadas Galegas de seguridade en moto, en colaboración coa DXT e outras organizacións implicadas na seguridade dos motoristas.

As xornadas están dirixidas a todos os motoristas galegos, “un colectivo moi necesitado de reflexionar sobre a seguridade viaria, debido a que no 2023 houbo 286 vítimas en accidentes de motocicleta e 15 delas en Galicia”, indican dende a organización. Isto supón un incremento do 19% con respecto ao 2022. Os motoristas interesados en asistir ás mesmas poden formalizar a súa inscrición no teléfono 619 987 809. O prazo de inscrición termina o 3 de marzo.

O programa arrancará ás 9.30 horas coa primeira dos relatorios, centrado na influencia da vía nos accidentes de motos, ao que seguirá outro sobre as actuacións e consecuencias logo dos accidentes.

Despois da pausa celebrárase unha mesa debate sobre a culpa e completarán a sesión matinal falando de equipación sobre seguridade pasiva. Despois do xantar centraranse de novo na seguridade pasiva, falando dos airbag, e tamén da activa, co relativo á amortiguación. As xornadas teñen un prezo de cen euros.

## A oitava xornada viaxeira do GDR será na vila o 4 de maio

Despois do grande éxito das últimas xornadas viaxeiras, tivo lugar a presentación da oitava xornada viaxeira Descubrindo a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa con Guido Guía.

José Pardo (alcalde do Concello de Outeiro de Rei), Begoña Seco (concelleira de Cultura de Outeiro de Rei) Lorena López (xerente do GDR 4 e do Xeodestino Comarca de Lugo e Terras da Ulloa), e Guido Álvarez (impulsor do proxecto Guido Guía) anunciaron os primeiros detalles dun sábado 4 de maio no que volverán reunirse historia, cultura, natureza, gastronomía e música tradicional.

Este proxecto engloba a 10 concellos das comarcas de Lugo e as Terras da Ulloa (Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade) nos que nos vindeiros meses irán facéndose xornadas de presentación do que é un proxecto a longo prazo para poñer en valor as riquezas do territorio, e ao mesmo tempo promover vínculos sociais e culturais tanto de proximidade como con visitantes de máis lonxe que se animen a participar.



## Remata o concurso de recitado a Rosalía na Casa de Manuel María

A poesía de Rosalía de Castro e Manuel María soou na voz dos escolares galegos que participaron no VIII Concurso de recitado Rosalía sempre viva. Certame organizado pola Casa-Museo Manuel María. O alumnado, de entre os 6 e os 18 anos, realizou un excelente concurso cun nivel moi salientábel que puxo moi complicado o veredicto do xurado.

Na primeira categoría (1º, 2º e 3º de primaria) gañaron Daniela Velo Veiga, do CPI de Xanceda (Mesía), co recitado do poema *Adiós ríos, adiós fontes* de Rosalía de Castro, do seu libro *Cantares Gallegos*.

Na segunda (4º, 5º e 6º de primaria) os premios foron para Lara Arias Sanjurjo, do CPI de Xanceda (Mesía), co poema *Alborada nº1* de *Cantares Gallegos*, Rosalía de Castro.

Gañaron na terceira categoría (Edu-

cación Secundaria) Pablo García Martínez, do IES de Foz, polo recitado *Cantas os galos pró día de Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Finrlamente, na cuarta categoría (Bacharelato e Ciclos Formativos) Iria Mariño Solla, do IES Val do Tea (Ponteareas), co poema *Cando a lurniña aparece*, de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro resultados vencedores.

Tamén recibiron unha mención honorífica Daniela Otero Fernández, de Vilagarcía de Arousa, polo seu recitado do poema de Rosalía de Castro *Quixente tanto meniña*; Lucía Seoane Fernández do Colexio Marista A Inmaculada de Lugo polo recitado do poema de Rosalía *Adiós ríos, adiós fontes*, e Sara Martínez Quindimil, do CPI de Xanceda, co poema *Tanto e tanto nos odiamos*.

## Os socialistas denuncian a falta de médicos no centro de saúde local

A agrupación do PSdeG en Outeiro de Rei denuncia que no Centro de Saúde da localidade só atende un médico dos tres que o fan habitualmente. A voceira socialista, Carmen Acacio, alerta da “crítica situación” á que se enfrenta o concello con listas de espera de 10 días para unha consulta médica, e ata 15 días para receitas.

Explicou que como único reforzo do servizo “puxeron un médico substituto que pasa consulta un día á semana durante dúas horas. E obviamente, non chega, porque non cubre as necesidades que temos en Outeiro”. Reprochou Acacio que “hai casos que non poden esperar, porque cando un enferma precisa dunha atención inmediata”.

**SOARES.** Por outra banda, o Grupo Socialista obrigou ao alcalde a publicar no Boletín Oficial da Provincia a Ordenanza Reguladora do Rexistro Municipal de Soares, que o Concello levaba aplicando de forma irregular dende hai seis anos. Así o vén de comunicar a voceira do PSdeG, Carmen Acacio, quen subliñou que foron os socialistas os que alertaron de que a normativa non estaba recollida no BOP.

“Este é un exemplo máis da mala xestión e do caos municipal ao que nos ten sometidos este Goberno do PP. É intolerable que durante 6 anos o Concello esixa á cidadanía cumprir cun regulamento que non está en vigor porque non existe ao non estar publicado”, explicou Carmen Acacio.

## Queixas nacionalistas pola fonte de Province e os cortes de auga

O BNG de Outeiro de Rei propón no pleno que se recupere a fonte de Province da parroquia de Aspai, xa que se trata dunha fonte “que era de uso común tanto polos veciños e veciñas do propio lugar como polas persoas que acudían a ela dende Vicente, Candai ou Bravos”, explican.

Así, explican que “dende hai xa máis dun ano a fonte non é utilizable. Está chea de terra, lodos e maleza, e a zona circundante atópase completamente enchoupada pola acumulación da auga. Na actualidade poden verse fondas rodadas de vehículos pesados, que agravan e empeoran o problema”.

Por todo isto, os nacionalistas solicitan ao Concello de Outeiro de Rei que poña todas as medidas precisas “para a recuperación

desta fonte patrimonio de toda a veciñanza”.

**CORTES DE AUGA.** O Bloque Nacionalista Galego de Outeiro de Rei denuncia os continuos cortes de auga que sofre a veciñanza sen aviso previo.

Os nacionalistas non se explican como “sendo o equipo de goberno consciente destes cortes, non se toman medidas” engadindo que “a desidia e abandono dos populares por resolver este tema vai en aumento”. No pleno do pasado 26 de outubro os concelleiros do BNG preguntaron ao alcalde sobre estes cortes e a resposta obtida foi “avarías diversas” pero a verdade e que estas avarías se dan cada pouco polo que consideran que se debe dar unha solución definitiva.



## Pardo asegura que todos os veciños teñen xa conexión á fibra óptica

O alcalde Outeiro de Rei, José Pardo lanzou unha mensaxe de tranquilidade á veciñanza pola preocupación manifestada ante a retirada das conexións ao cobre nun curto prazo de tempo.

O mandatario explicou que está despregado en todo o termo municipal a fibra óptica, a través de Adamo, polo que “ningún veciño de ningunha casa en ningún punto do termo municipal quedará sen conexión”, explicou.

Pardo explicou que o cabreado do Concello realizouse xa a principios de 2023. Dous anos antes, o Concello firmou un convenio coa empresa Adamo e realizou un investimento en infraestruturas “para que todo se

puidera facer ben e chegara o servizo a onde non estivera acordado co Estado”.

Polo tanto, afirma que en calquera parte do concello xa se poden conectar á fibra óptica polo que “quero mandar unha mensaxe de tranquilidade á veciñanza, de que o único que teñen que facer é acordar o cambio coa compañía correspondente, porque o servizo e a cobertura xa o teñen”.

“Esta acción que fixemos vén dada porque nos preocupamos desde sempre porque dar un servizo completo, porque no rural temos que ter os mesmos servizos que unha vila para poder vivir e traballar”, explica Pardo.



## Muras investirá 506.000 euros en diferentes proxectos na zona rural

O Concello presentou a memoria de actuacións que se levarán a cabo cos cartos do Fondo de Compensación Ambiental durante o presente ano e que teñen un orzamento total de 506.083 euros, tal e como explicou o alcalde, Manuel Requeijo.

Unha das primeiras accións será a contratación de tres peóns forestais para que segan a acometer labores de recuperación ambiental e paisaxística, que este ano estarán centradas no Camiño Nordés, cara a Santiago. Esta actividade ten un custe de 17.237 euros.

Así mesmo acometerase o acondicionamento de camiños municipais nas parroquias da Balsa, Irixoa, Muras e O Viveiró. O obxecto do proxecto é a mellora da drenaxe das augas de escorrentía superficiais que decoreen polas inmediacións da rede vial. Estas accións teñen un custe de 104.961 euros.

Un total de 32.894 euros irán destinados a distintas actuacións no sistema de abastecemento de auga ás



parroquias. Así, rematarase o abastecemento no Viveiró para subministración de auga potable aos núcleos de Susana e O Campos. Quedaba pendente a instalación dun tubo de polietileno que conecte estes dous lugares coa rede xeral.

Tamén se instalará un novo grupo de bombeo para solucionar os problemas de abastecemento no lugar de Carelle. Subministrará auga do pozo de varrera á rede xeral. Realizarán, así mesmo, outras melloras puntuais en diferentes depósitos.

O Concello investirá estes fondos noutras obras no rural, como a mellora de dúas escolas rurais. Na do Viveiró realizarán unha reforma cun orzamento de 59.073 euros e na de Silán de 38.258 euros. Nos dous casos trátase de accións de mellora da eficiencia enerxética con renovación de fiestras, cerramentos e pintado.

Tamén investirán 166.517 euros na antiga Escola de Irixoa. Esta necesita unha rehabilitación completa debido ao seu mal estado de conservación.

Entre as actuacións figura tamén a instalación de placas fotovoltaicas de autoconsumo no centro de saúde e no complexo deportivo da Veiga (46.662 euros) e actuacións de protección do medio ambiente e do espazo natural do Viveiró, neste caso cun orzamento de 21.320 euros.

Teñen tamén previstas outras accións, como a adquisición de bens de ofimática por valor de 17.171 euros, ou compra de maquinaria para as brigadas medioambientais, por importe de 1.503.

## Piden a axuda veciñal para crear un arquivo con imaxes antigas

Unha veciña de Muras vén de poñer en marcha xunto ao Concello de Muras, unha iniciativa que persegue recuperar imaxes antigas do municipio para crear un arquivo e poder levar adiante outros proxectos de recuperación cultural.

Para esta iniciativa, solicita a colaboración de toda a veciñanza, para que lles fagan chegar fotografías antigas de Muras para poder ofrecer ao resto da veciñanza unha imaxe de como eran os costumes, as celebracións, as xuntanzas, o trabalo, a escola, e toda a vida social que había.

“Máis aló do valor emocional que pode ter para cada un de nós ver, ou incluso coñecer a algún dos nosos, tamén nos axuda a entender moitas cousas dunha época, do noso pobo e da nosa xente. Son parte do noso patrimonio cultural”, explica Maider, que se encarga desta ini-

ciativa.

O proceso para colaborar é sinxelo, consistiría en que os veciños acheguen as fotografías ao Concello dentro dun sobre co número de teléfono e o nome así como algunha información sobre as mesmas de saberse, como quen se ve nelas, lugar o ano aproximado. Al fotografías quedará en emprésto ata finais de marzo para seren dixitalizadas. A principios de abril estas devolveranse ao seu dono en perfecto estado. Para aqueles que non poidan achegarse ata a casa consistorial, tamén ofrecen a posibilidade de pasar a recoller as fotos.

Maider dirixiuse a todos os veciños a través dunha carta onde explica o proceso que se vai realizar así como o obxectivo. “Prométoche que o resultado vai merecer a pena, polo valor que terá para todos nós como pobo e para os que virán”, engade.

## Continúan as queixas pola falta de médico no centro de saúde

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, sumouse ás protestas dos veciños pola “mala atención” que se lles está a dar no centro de saúde. Segundo explican o médico vén días soltos sen unha periodicidade clara, polo que os veciños non saben cando vai estar para atendelos.

Ademais, as veces está previsto o día de consulta e logo non se despraza ata Muras. “O gran problema é que non avisan con antelación e a xente chega ao centro médico e queda sen opcións de ser atendido”, explican os veciños.

## Convocan un curso de benestar animal

Muras acollerá un curso sobre benestar animal, organizado pola asociación Atila, Amigos dos Cabalos. A formación levarase a cabo os días 20, 21, 27 e 28 de abril en horario de 9.00 a 14.00 horas. Unha vez rematada a formación realizarase un exame en Ribadeo, o 29 de abril, no IES Pedro Murias.

Os interesados en participar nesta acción formativa poden poñerse en contacto coa directiva do club no teléfono 667 609 990 ou no correo atilamuras@gmail.com.

## Un cento de persoas participaron na primeira Ruta dos Fornos

Malia a chuvia e o frío, máis dun cento de persoas participaron na celebración da primeira edición da Ruta dos Fornos de Pol, unha iniciativa que puxo en marcha a asociación de mulleres rurais Olvido e Roteiros de Pol. Esta actividade, que permitiu facer unha parada en seis fornos particulares do municipio.

O obxectivo dos organizadores desta cita é reactivar estes espazos tradicionais e que se recupere este traballo tradicional que se viña facendo en todas as casas. Dende as entidades explicaron que se trata dun labor en decadencia porque “a xente maior deixou de usalos e os novos quítáronlle valor ou non saben como realizar o proceso, por iso queremos que os fornos que aínda están nas casas recuperen o seu valor”.

Foi un percorrido de dez quilómetros e dificultade baixa que comezou na Capela das Neves e percorreu os fornos de Bernabel, de Labrada, de Pásaro, de Neira, de Mirón e Casa Chaín, onde rematou a visita. En cada un dos espazos puido degustarse algunha das elaboracións que se fan nos fornos, tanto doces como salgados.



## O programa dos Roteiros de Pol

A Asociación Roteiros de Pol continuará este ano as rutas pola provincia. Os percorridos deron comezo en xaneiro cunha ruta por Guntín de Pallares e outra por Barreiros en febreiro. Continuarán este mes de marzo (día 17) por Ponferrada. En abril (día 21) o lugar escollido para visitar é Paradela, pola Ribeira Sacra. No mes de maio participarán na XV Concentración de Asociación de Senderismo e Tempo Libre de Galicia e Asturias, que terá lugar na Pontenova o día 11.

No verán están previstas dúas rutas, o 16 de xuño a XXXVII Travesía Costa Naviaga, na localidade asturiana de Navia, e o 7 de xullo por Guitiriz. Tralo descanso de agosto, recuperarase o ritmo en setembro con dúas citas, o 1 farán a tradicional ruta por Pol e o 29 viaxarán a Mondoñedo.

En outubro seguirán de ruta de Belesar e o 17 de novembro polo Courel. Rematarán o día 1 de decembro coa Ruta do Cocido de Lugo e a cea anual, que será o 15 de decembro en Mosteiro.

## Abre a inscrición para a Ruta Trotamontes que este ano se celebrará o día 30 de marzo

Os club Trotamontes de Pol ten aberto o prazo de inscrición para a nova edición da súa cita anual, a XV ruta Moto-Quad-ATV. Esta será o sábado 30 de marzo arrancando desde Mosteiro, unha cita que reúne arredor de 150 participantes.

A ruta discorrerá por camiños e pistas forestais deste Concello de outros dos arredores, utilizando vías asfaltadas tan só para facer cruces ou como enlace entre tramos.

As inscricións, a un prezo de 65 euros, poden facerse a través de Facebook ou no email trotamontes-pol1@gmail.com.

A proba dará comezo ás 9.00 horas pero a recollida de dorsais será desde unha hora antes. Ás 11.00 está previsto un descanso para café e ás 14.00 parase par o xantar.

Finalmente rematarse o percorrido ás 18.00 horas e a cena convocouse para as 20.39 horas.

Rematarán a xornada coa actuación de Paulo Mortinho Freestyle, ás 23.00 horas e desde a medianoite, sesión musical na Hermo Disco Truck con Adolfo Valiño.



# TERRA CHÁ

## O Campus promove un estudo sobre o conflito entre gandaría e lobo



Persoal investigador do Campus Terra da USC promove un estudo sobre a percepción social existente en Galicia arredor do conflito entre gandaría e lobo.

O obxecto da iniciativa impulsada por investigadores da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría e da Facultade de Veterinaria de Lugo é contrastar as opinións da poboación galega, a fin de atopar puntos de encontro e, no seu caso, solucións, que contribúan a mitigar a polarización xurdida trala inclusión do lobo no Listado de Especies en Réxime de Protección Oficial (Lespre).

A enquisa, dispoñible en liña baixo o epígrafe *Gandaría e lobo ibérico*, antóllase como un espazo de análise e debate axeitado para reflexionar e propoñer ideas orientadas a mellorar a xestión do lobo e a súa convivencia coa gandaría extensiva, que é a máis damnificada pola acción depredadora desta especie

de mamífero depredador.

O incremento dos danos rexistrados na gandaría extensiva naquelas áreas con presenza de lobo e a posible relación entre esta casuística e o aumento do número de manadas, e mesmo dos individuos que as forman, constitúen dúas das incógnitas ás que pretende achegar respostas a enquisa de percepción social en Galicia sobre o conflito entre lobo e gandaría.

O estudo dos valores poboacionais das especies e a análise do seu impacto na contorna requiren dunha interpretación desde a dinámica ecolóxica, subliña o estudante do mestrado en Enxeñaría de Montes Andrés Osoro, quen tamén salienta a importancia do coñecemento da opinión pública ou percepción social desta problemática como punto de partida ou escenario desde o que comezar a traballar no deseño de propostas e iniciativas encamiñadas a resolver o conflito.

## O programa 'Da escola á granxa' estrea unha ampliada terceira edición

A Vicepresidencia da Deputación pon en marcha a terceira edición do programa de visitas escolares a granxas e producións agroalimentarias do rural *Da escola á granxa*, que medra en orzamento e oferta educativa por segundo ano consecutivo.

O programa presentará nesta nova edición unha oferta formativa ampliada, con oito novas gandarías e producións agrícolas que se incorporan ao programa, formulado co obxectivo de achegar as novas xeracións ao rural, amosando a importancia do sector primario para a

produción de alimentos saudables, a conservación do medio ambiente e da cultura tradicional.

O deputado provincial adiantou que "o catálogo educativo que se ofrecerá este ano inclúe 34 granxas, repartidas por toda a provincia, con actividades diversas, desde a produción de froita e produtos de horta ata a cría de gando vacún, ovino, cabrún, avícola ou cabalar ou a elaboración de queixos e marmeladas, ademais de obradoiros de educación ambiental impartidos pola asociación Atega".

## A Deputación inviste en vías da rede provincial e o cinto comarcal

A Xunta de Goberno aprobou investimentos de máis de 1,2 millóns de euros para seguir mellorando a rede de estradas provinciais. Tal e como explicou a Voceira socialista, Pilar García Porto, a Deputación de Lugo licitou unha obra para acondicionar un novo tramo do Cinto Comarcal ao seu paso polos concellos de Friol, Outeiro de Rei e Begonte; o inicio da LU-P-1702 que conecta en Cospeito Feira do Monte e Fontefría; e un treito da LU-P-2913 que comunica Lugo e Guntín desde a parroquia de Coeses ata Terlama, en Ferrol.

A Deputación investirá practicamente 900.000€ na renovación do firme de 7 quilómetros da LU-P-1611, coñecida como o Cinto Comarcal, ao seu paso polos concellos de Friol, Outeiro de Rei e Begonte. Unhas obras que terán un prazo de execución de tres meses dende o seu inicio, e que consistirán na mellora da drenaxe, na pavimentación con aglomerado en quente e na sinalización no treito que vai do punto quilométrico 49,935 ao 57,150. Un proxecto "importante" que "aumentará a seguridade da vía e a comodidade dos numerosos

condutores que a diario circulan por ela".

Ademais, a Xunta de Goberno licitou por máis de 112.000 euros unha obra para rehabilitar o firme doutro tramo da LU-P-1702, que conecta Feira do Monte e Fontefría, en Cospeito. Os traballos, que afectarán a un tramo de 1,3 quilómetros ao inicio da estrada, terán un prazo de execución de 2 meses, e consistirán na limpeza das cunetas, na pavimentación con aglomerado en quente e na sinalización mediante marcas reflexivas brancas.

## Comeza o programa de formación de desempregados de Endesa

O Instituto para a Transición Xusta (ITX), organismo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, pon en marcha o seu programa de formación e recolocación de 200 persoas desempregadas afectadas pola transición enerxética das centrais térmicas coruñesas do Concello das Pontes e de Meirama, no municipio de Cerceda. O proxecto, que ten unha duración de 24 meses, despregarase en cinco municipios en relación con Meirama. No tocante ás Pontes son 14 municipios: 11 da provincia da Coruña (Cabanas, A Capela, Cerdido, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Ortigueira, As Pontes, San Sadurniño e As Somozas) e tres concellos da provincia de Lugo (Muras, Vilalba e Xermade).



Poderán participar os traballadores excedentes das centrais térmicas rexistradas na bolsa de emprego do ITX, así como os maiores de 52 anos desempregados empadroados nalgún dos municipios dos convenios de transición xusta.

O primeiro curso programado en Galicia é de xestión de residuos e im-

partiuse en Cerceda.

Ademais, en próximas datas está previsto impartir outros cursos de formación que forman parte do programa. As persoas interesadas en calquera das formacións incluídas neste programa poderán acceder á información actualizada en web do Instituto para a Transición Xusta.

## As Pontes, Xermade, Vilalba e Muras participan no Dinamiz-ARTj

Un total de 176 propostas artísticas e 169 concellos de transición xusta adheríronse á segunda edición do programa Dinamiz-ARTj. Así, finalmente serán 788 os artistas beneficiarios e os que executarán estas 176 propostas correspondentes ás tres disciplinas de artes escénicas ás que está dirixido o programa, 114 de música, 55 de teatro e 7 de danza. A ampla variedade de propostas contempla 104 actividades para público familiar e 72 propostas enfocadas ao

público adulto.

Doutra banda, inscribíronse 169 concellos das 15 provincias de transición xusta e dentro da listaxe figura As Pontes na provincia da Coruña e, en Lugo, estarán Muras, Vilalba e Xermade.

Ata o 19 de marzo ás 15:00 horas, os 169 concellos rexistrados poden solicitar as actuacións que serán representadas nos seus municipios entre setembro de 2024 e marzo de 2025. Como todas as actuacións deste pro-

grama, desenvolveranse en espazos e instalacións municipais de cada localidade e a asistencia será gratuíta. Por outra banda e tal e como establecen as bases, co fin de evitar unha excesiva concentración de actuacións a favor dunha mesma entidade local e favorecer aos municipios con menor poboación nos que o acceso á cultura vese máis dificultado, establécese un límite máximo de partida orzamentaria por concello de acordo ao número de habitantes.



## Formoso deixa o PSOE en mans de Besteiro, que renuncia ao Congreso



O secretario xeral do Partido Socialista de Galicia, o pontés Valentín González Formoso, confirmou que deixará a dirección dos socialistas galegos tras a celebración do próximo Congreso. “O meu papel finalizará cando finalice o Congreso”, subliñou Formoso antes de asegurar que, unha vez deixe o cargo, centrarase no seu traballo como presidente da Deputación da Coruña e como alcalde das Pontes.

Formoso reiterou o seu apoio ao candidato do PSdeG á Presidencia da Xunta, José Ramón Gómez Besteiro, en quen confía “que sexa capaz de dotar de estabilidade ao partido e obteña un magnífico resultado dentro de catro anos”. Formoso xa indicara tras a reunión da executiva do PSdeG na que se analizaron os resultados dos comicios galegos, que o partido afrontaría “cambios orgánicos desde a tranquilidade” e que o futuro pasaba por Besteiro.

Tamén aproveitou para facer unha valoración do resultado electoral, que atribuíu a “polarización política e mediática brutal” que vivaba en torno ao BNG e ao PP, “obviando ao


resto dos candidatos”.

Así mesmo, defendeu que Besteiro só tivo “un mes e medio” para darse a coñecer, fronte a unha Pontón que “leva oito anos como candidata” e a un Rueda que estivo “dous anos de presidente e 14 de vicepresidente”. Sobre esta base, Formoso sostivo que o futuro pasa por “recuperar ao partido, darlle estabilidade” e “apostar polo candidato” para que “teña tempo para que Galicia o coñeza” e para “inmiscirse en todos aqueles asuntos que son importantes para a cidadanía galega”.

Besteiro procedeu a renunciar á acta como deputado pola provincia de Lugo no Congreso para centrarse no seu labor como parlamentario autonómico na Cámara galega.

Tras a renuncia á súa acta como parlamentario no Congreso, prevese que nos próximos días Besteiro recolla as súas credenciais de deputado no Parlamento de Galicia.

Ocupará o seu posto en Madrid Patricia Otero, que foi na segunda posición na lista de candidatos deste partido ás eleccións xerais de xullo de 2023.



## Localizan campamentos militares romanos

Sete novos posibles recintos arqueolóxicos de carácter temporal converten a Lugo na provincia galega con maior número de restos arqueolóxicos vinculados ás actividades do exército romano. Así o sinala a publicación Entre valados e piñeirais. Achegas arqueolóxicas ao coñecemento da presenza militar romana na Galicia Nororiental, que un equipo de arqueólogos e investigadores do colectivo Romanarmy e diferentes universidades acaba de publicar no último número (33) da revista Croa, editada polo Museo do castro de Viladonga. A investigación está liderada polo arqueólogo de Oviedo Andrés Menéndez-Blanco.

A publicación agrupa os novos achados en dous grupos, aqueles xacementos que ofrecen unha “fiabilidade alta” e os que se consideran “indicios probables”. Entre os primeiros, atópanse os recintos coñecidos como O Vedro da Fame (A Ermida, Riotorto), A Costa (Arcillá, Cospeito) e As Pardellas (Guillarei, Friol). No segundo grupo, sitúanse o Monte Endemil

(San Xoán do Mato / Saa, Palas de Rei), Penoucos (Fonfría / Barbeitos, A Fonsagrada), O Campo da Matanza (O Cádavo, Baleira) e A Lagúa (Airexe, Baleira / Pereira, Castroverde). A diferenza entre os de fiabilidade alta e os indicios probables é en primeiro lugar o seu grao de conservación, que nos primeiros é máis elevado e poden ser encadrados e comparados con outros campamentos ben coñecidos. No segundo caso, a gran intensidade das tarefas agrícolas sobre as estruturas e o grao de degradación do xacemento impide ter o mesmo nivel de certeza, pero os investigadores dan a coñecer “pola necesidade de recorrer a elementos cada vez menos conspicuos dentro do rexistro arqueolóxico para responder ás nosas preguntas de investigación”.

A maior parte dos autores da publicación son membros do colectivo Romanarmy.eu, un equipo arqueolóxico enfocado na investigación e difusión da presenza militar romana no noroeste peninsular, pertencentes a diferentes universidades.

## Autorizados tres parques eólicos, dous na Pastoriza e outro en Meira

A Xunta autorizou a construción de tres parques eólicos de Greenalia na provincia de Lugo, os cales xa superaran o trámite ambiental. Serían 11 aerogeneradores novos distribuídos en terreos de cinco concellos lucenses, o que supón un investimento global de 57 millóns de euros.

En concreto, un deles, co nome de Carballal, sitúase na Pastoriza; outro entre A Pastoriza e Meira, As Louseiras; así como un terceiro entre os municipios de Becerreá, Barralla e Baleira, que leva o nome de Monteiro.

O parque das Louseiras contará con case 20 megawatts de potencia a través de tres aerogeneradores. Neste caso prevese un investimento de máis de 16 millóns de euros.

Así mesmo, o do Carballal contará con tres aerogeneradores, cunha potencia de 18,75 megawatts. O investimento previsto é de 16 millóns de euros neste caso.

**BRETOÑA.** O Diario Oficial de Galicia (DOG) recolleu a autorización administrativa previa da Xunta para a construción do parque eólico Bretoña, situado entre os concellos da Pastoriza, Riotorto e Mondoñedo; así como ao parque Paradela-005, que se proxecta entre Bóveda, O Saviñao, Paradela e Sarria.

No caso do parque Bretoña, impulsado por Norvento, conta cunha potencia de 3 megawatts, cun orzamento de execución de máis de 2 millóns de euros. Neste caso advírtese que non está previsto que prexudique a explotacións agrícolas, gandeiras, forestais e madeireiras.

## 45 concellos perden internet e liñas de teléfono co apagón do cobre

Ata 45 dos 67 concellos que conforman a provincia de Lugo sofren -ou sufriran proximamente- perdas de liñas fixas de teléfono. En caso de contar con ela, tamén quedarán sen conexión a Internet de ADSL. Este menoscabo acabará sendo parcial -con máis ou menos veciños prexudicados- ou total en determinados pobos. Desta maneira, a inmensa maioría desas desconexións será unha realidade ao longo deste ano. Así se desprende de diversas cifras procedentes da Comisión Nacional do Mercado de Telecomunicacións e do Instituto Nacional de Estatística recollidas por Adamo, operador especializado no ámbito rural.

Este corte de conectividade, que afecta especialmente as localidades

de menor tamaño, débese ao apagamento da rede de cobre sobre o que a propia CNMC leva tempo realizando comunicacións. Como consecuencia, aqueles que carezan agora de fibra óptica e non migren a ela quedarán sen teléfono fixo e sen Internet.

Neses 45 concellos lucenses residen, polo menos, 6.200 familias damnificadas por este apagamento, unha parte das cales se atopa agora en serio risco de illamento. A boa noticia para elas é que teñen cobertura de Adamo, polo que a compañía pon ao dispor deses fogares a súa vasta rede de fibra óptica, especialmente enfocada ao ámbito rural.

Neste contexto tan delicado, Adamo, de entrada, permite conservar o nú-

mero de teléfono, o cal pode chegar a ter ata 100 anos e ser un vínculo entre parentes afastados ou de importancia para pequenos negocios. Pero, ademais, o operador ofrece opcións para distintos perfís:

Os 45 concellos afectados son A Fonsagrada, A Pastoriza, A Pobra do Brollón, A Pontenova, Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Barreiros, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Cervo, Chantada, Cospeito, Foz, Friol, Guitiriz, Lourenzá, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, O Incio, O Valadouro, O Vicedo, Oureiro de Rei, Palas de Rei, Pantón, Pol, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Riotorto, Sarria, Taboada, Trabada, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove.

## Tradigalu volve levar a música tradicional por toda a provincia

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo pon en marcha unha nova edición de Tradigalu, que levará actuacións de grupos de música tradicional, bandas e corais polas distintas comarcas ata final de ano. O programa, que conta cun orzamento de 250.000 euros, ten como principal obxectivo promover e difundir a música popular e tradicional, incluíndo nas programacións de asociacións e concellos.

Iria Castro lembrou que “o ano pasado, Tradigalu permitiu programar máis de 250 actuacións, chegando a medio cento de concellos e converténdose nunha das principais

vías de apoio á celebración de festas e celebracións populares nas aldeas e parroquias das distintas comarcas, desde festas patronais ata foliadas, polavilas ou magostos”.

As asociacións e colectivos interesados en participar no programa poden consultar as bases na web cultura.deputacionlugo.gal e trasladar as súas demandas a área de Cultura a través do enderezo electrónico cultura@deputacionlugo.gal. A área de Cultura asume o 80 por cento do custo da actuación. Asociacións e concellos deben aboar aos grupos o 20 por cento restante.



## O PROCESO ELECTORAL PARA O GOBERNO AUTONÓMICO

## Galicia e Lugo elixiron ao PP

Obtivo a maioría absoluta con dous escanos menos, o BNG gañou 6 e o PSOE baixou 5 no cómputo global galego

O PP mantén a Presidencia da Xunta de Galicia e revalidou a maioría absoluta da man de Alfonso Rueda para os próximos catro anos ao superar a barreira dos 38 escanos no 18F. O partido perdeu 2 escanos (40), pero consolídase como primeira forza na comunidade e logrou a

súa quinta maioría absoluta consecutiva. O BNG posicionouse como segunda forza e ten 25 escanos, o que supón 6 máis con respecto ás eleccións anteriores. O PSdG baixou 5 e acadou 9, mentres que Democracia Ourensana entra por primeira vez no Parlamento cun deputado.



As urnas tamén dilucidaron os 14 representantes da provincia que estarán no Parlamento galego. Dos 14 deputados, o PP logrou 8, un menos que nos pasados comicios. Logrou ser a primeira forza en todos os concellos agás en tres, Negueira, Ribeira de Piquín e Pedrafita, nos que o PSOE tivo a primeira praza. Estes tres concellos axudaron ao PSOE, que só logrou obter dous deputados pola provincia, seguindo a tendencia xeral dos socialistas en Galicia. Friol volve ser o principal feudo do PP na provincia de Lugo, que obtivo o 73,8 % dos votos, aínda que

destacan tamén outras localidades importantes como Guntín, Baralla, Carballedo, Paradela, Portomarín, Begonte e A Pastoriza. Na provincia, o crecemento maior foi o do BNG, que quedou co deputado que perdeu o PP e leva catro representantes á cámara. Foi a segunda lista máis votada en 48 concellos mentres que o PSOE foi a segunda en 16. Moi lonxe quedaban de obter representación Vox e Sumar, e o afundimento en votos foi para Podemos, que recolleu menos votos que Pacma ou Escanos en Branco.

## DEPUTADOS

1. María Elena Candia López (PP)
2. Javier Arias Fouz (PP)
3. Alfonso Villares Bermúdez (PP)
4. Cristina Sanz Arias (PP)
5. José Manuel Mato Díaz (PP)
6. Raquel Arias Rodríguez (PP)
7. José Manuel Balseiro Orol (PP)
8. Enrique Barreiro Sánchez (PP)
1. Olalla Rodil Fernández (BNG)
2. Daniel Castro García (BNG)
3. Montserrat Valcarcel Armesto (BNG)
4. Iago Suárez Fernández (BNG)
1. José Ramón Gómez Besteiro (PSOE)
2. Lara Méndez López (PSOE)



## PP

## Foi a provincia na que tivo maior porcentaxe de voto

Alfonso Rueda valorou os resultados electorais da provincia xunto á cabeza de lista, Elena Candia. Segundo explicou, Lugo obtivo a maior porcentaxe de votos para o PP de Galicia con respecto ás catro provincias: 53,39%, tres puntos e medio máis que Ourense, cerca de seis con A Coruña e nove e medio en relación a Pontevedra.

Tamén destacou que o PP na provincia sume 98.803 votos fronte aos 78.420 papeletas que suman o PSOE e BNG, é dicir, máis de 20.000 votos máis para este proxecto.

O PP é a primeira forza en todos os concellos da provincia, excepto en tres (en 64 dos 67) que se sitúa como segunda forza; tamén hai que destacar que en 48 municipios superaron o 50% dos apoios (en Friol e Guntín superaron o 70%). Nese senso tamén insistiu en que Lugo foi a provincia onde menos medrou o voto do BNG pese a formar parte do goberno tanto da Deputación como do Concello da capital. (Lugo +25,16%; Ourense 25,35%; A Coruña 32,66% e Pontevedra 34,69%).

No caso do municipio de Lugo o Partido Popular foi o concello que obtivo o mellor resultado de Galicia "fomos o partido máis votado nas 125 mesas electorais con 26.794 papeletas; e tamén a forza política que máis aumentou o seu apoio en todos os distritos cun incremento de 4137 votos con respecto ás eleccións de 2020".

O popular tamén subliñou que na capital lucense o PP obtivo 3.366 votos máis que os que acadaron o PSOE e o BNG xuntos. (PP obtivo 26.794 e PSOE+BNG 23.429)".

## PSOE

## Formoso apártase nunha aposta por Besteiro

O secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, apuntou que o futuro do partido "pasa por Besteiro", como líder do único partido "capaz de aglutinar á maioría social de Galicia e de lograr o cambio político" porque "canto máis BNG máis PP". Así o dixo logo dos "malos resultados electorais".

O responsable socialista emprazou a "afrontar o futuro con optimismo e con realismo, aceptando a mensaxe do país" nas pasadas eleccións que, dixo, sinalaron que "a alternancia ten que pasar por un PSdeG forte". Apuntou que o futuro do partido para por "intensificar a defensa dos intereses dos galegos e das galegas".

Dixo que o PSdeG asumirá "cambios de ritmo e de mensaxe" e mesmo "cambios orgánicos" cunha "aposta pola tranquilidade e por facer as cousas ben, aprender dos erros do pasado". Formoso deu por aberta unha nova etapa de 4 anos de "traballar a reo" para configurar unha alternativa de goberno facendo caso da mensaxe das pasadas eleccións.

Formoso advertiu que as pasadas eleccións deixaron a "lectura" de que "máis mobilización do BNG implica máis mobilización do PP". Insistiu na necesidade dun PSdeG "forte" no que, dixo, "non temos que transmutarnos en nada, non necesitamos agochar a nosa identidade, o que pensamos nin o que somos".

Unha das primeiras medidas que se tomaron foi a retirada da primeira liña de Formoso, que deixará a dirección do grupo para ceder esta posición a Besteiro e anunciou que o candidato "tivo moi pouco tempo para dar a coñecer o programa".

## BNG

## Un resultado histórico dos nacionalistas en Lugo

Os catro deputados electos do BNG fixeron unha valoración dos resultados conseguidos polo BNG, nas que o partido alcanzou un resultado histórico tanto a nivel galego como en Lugo. En toda Galicia, alcanzáronse preto de medio millón de votos, 155.000 máis que en 2020, colocando ao BNG cun grupo parlamentario de 25 integrantes, que ocupa un terzo do hemiciclo, mentres que tanto na provincia de Lugo como na cidade se conseguiu unha mellora notable.

Olalla Rodil afirmou que "desde o BNG temos máis empuxe ca nunca para seguir defendendo Lugo e a vida das nosas veciñas e veciños", e engadiu "é certo que non conseguimos que se producise un cambio político neste País cun novo goberno liderado polo BNG pero hoxe temos máis forza e máis ganas que nunca para seguir traballando cara ese horizonte".

O BNG non ten teito. "Dicíannos en 2020 que 19 escanos era o máximo ao que podíamos aspirar, que chegáramos ao noso límite e que a maior parte do voto que tiñamos era prestado", explicou Olalla Rodil, que engadiu "catro anos despois demostramos que o BNG é unha forza política sólida que lidera a oposición en Galiza de maneira reforzada".

Segundo Olalla Rodil, "despois destas eleccións queda claro que a alternativa ao Partido Popular é o Bloque Nacionalista Galego". A deputada do BNG afirmou que "sabemos que hai moitas das persoas que poden sentirse decepcionadas porque non se produciu un cambio de goberno, comprendemos esa frustración, pero a campaña que fixemos e o resultado electoral do BNG demostraron que este País xa cambiou".



# DEPUTACIÓN

## O Pleno urxe á Xunta un plan de investimentos para a provincia

A Deputación de Lugo reclámalle á Xunta de Galicia un Plan de Investimentos para Lugo que impulse as principais infraestruturas pendentes na provincia, emende as deficiencias nos servizos públicos e impulse novas medidas en áreas como a atención ás persoas maiores e o acceso á vivenda, cun investimento semellante ao comprometido por Alfonso Rueda coa provincia de Ourense. Así se acordou no Pleno a proposta do Goberno provincial, contando cos votos a favor do PSdeG e o BNG e o voto en contra do Partido Popular.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, subliñou que a Xunta “ten que cumprir con Lugo. Está ben que veña o señor Rueda a Lugo agradecer o apoio que tivo nas eleccións autonómicas, pero ten que devolve-lo. Ten que pagar ese apoio en forma de infraestruturas que teñen comprometidas dende a Xunta pero que non cumpriron dende hai anos, incluso décadas”, lamentou. Entre elas, explicou, proxectos coma a Rolda Leste, o Plan Paradai, o acceso ao Porto Seco de Monforte ou as obras da VAC Costa Norte.

O mandatario provincial tamén urxe ao Goberno galego a recuperar os servizos públicos no rural, reindustrializar A Mariña ou impulsar a construción de residencias públicas de maiores. Así mesmo, pide que consolide a oferta formativa do Campus Terra ou darlle maior proxección á Granxa Gayoso Castro, como centro investigador referente que é.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, lembrou que “a concepción partidista da política á



que nos ten afeitos o PP acadou un novo fito o pasado día 14 de febreiro, cando Alfonso Rueda se reuniu co presidente provincial do seu partido en Ourense para firmar un documento comprometendo un plan de investimento de 117 millóns de euros”. Explicou que incluía 12 medidas “concretas, serias, rigorosas e realizables” pero que chama a atención “a dilixencia coa que o señor Rueda promete en campaña os cartos que non executa dende a Xunta. Promete 10M€ para financiar unha residencia que vai construír unha fundación privada, tendo en conta a incapacidade da Xunta para construír prazas públicas”, ironizou.

Pediu a deputada unha reunión do Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, coa Deputación de Lugo para poñerlle fin desta maneira ao desprezo institucional herdado do seu antecesor no cargo.

**TEMPORALIDADE.** Outra moción aprobada polo BNG e PSOE esixíralle á Xunta de Galicia que poña fin temporalidade na sanidade e na educación, que se disparou nos úl-

timos anos e que segundo os datos do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública con máis de 80.000 contratos precarios entre ambos servizos.

Destacou o presidente, José Tomé Roca, que a Xunta de Galicia “incumpre” coa Lei de Estabilización posta en marcha polo Goberno socialista de Pedro Sánchez e destacou a sentenza que vén de ditar o Tribunal de Xustiza da Unión Europea neste sentido. “Na Deputación temos todo en marcha, estabilizando ao persoal en función dos anos de antigüidade. Na Xunta non é así”, insistiu.

García Porto expuxo que de acordo cos datos do Ministerio, en xaneiro do ano 2012, os contratos temporais no ensino non universitario foron 34.521 que se converteron na actualidade en 37.587, “co que nunha década a contratación temporal en educación incrementouse case nun 9%”. Unha suba “aínda máis notable no eido da Sanidade Pública”, que tal e como explicou a voceira socialista pasou dos 33.798 contratos temporais no 2012 aos 43.217, unha subida da temporalidade de preto dun 30%.

## Estiman un retorno de 100 euros por cada un investido en turismo

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, presidiu a primeira reunión do ano do Consello Provincial de Turismo, o órgano participativo e consultivo da Deputación de Lugo nesta materia. Rivera puxo o foco na importancia dos patrocinios turísticos, cos que a institución provincial “consegue un retorno económico de 100 euros por cada euro invertido, un dato moi significativo que evidencia que traballamos dun xeito eficaz e eficiente para lograr que a nosa provincia medre e mellore como destino turístico”. Nas súas palabras, explicou que ao

longo deste ano a Deputación continuará co patrocinio de eventos deportivos ou culturais, películas ou iniciativas que dan unha gran proxección ao territorio lucense. Rivera Capón salientou a idoneidade de apostar por este tipo de medidas dada a súa importancia e repercusión, e puxo varios exemplos, como o patrocinio de La Vuelta 2024, para o que a institución provincial destina 40.000 euros, que “terá un retorno enorme para a provincia en termos económicos e de promoción a nivel nacional e internacional, tanto a curto como a medio prazo”.

Así mesmo, o deputado avanzou ante os membros do Consello as principais liñas de traballo, accións e programas que se desenvolverán neste 2024 en materia turística, dando continuidade á aposta por un turismo sostible, de calidade e baseado na propia experiencia da persoa que descubre a provincia a través das diferentes actividades. Daralle continuidade a programas como o Coñece a túa provincia, a celebración do Día da Transrománica, as rutas fluviais pola Ribeira Sacra ou os premios á excelencia turística e gastronómica da provincia.

## Aberto o prazo para as axudas ás asociacións das reservas da biosfera

A Deputación abriu o prazo de solicitude das axudas por un importe de 110.000 euros que convocou para apoiar a actividade das entidades asociativas sen ánimo de lucro que estean asentadas ou que teñan o seu ámbito de actuación no territorio das reservas da biosfera Terras do Miño e os Ancares Lucenses, xestionadas pola institución provincial.

En concreto, poderán recibir subvención as entidades asociativas sen ánimo de lucro que desenvolvan actuacións e proxectos vinculados ao medio ambiente e ao rural que poñan en valor o patrimonio

natural, cultural e paisaxístico destes territorios, e que contribúan así á súa dinamización social e económica.

As solicitudes poderán formularse ata o vindeiro 13 de marzo, incluído, enviando os modelos oficiais xunto coa documentación precisa a través da sede electrónica da Deputación, ou ben de calquera dos restantes rexistros electrónicos aos que se refire o artigo 16.4 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os beneficiarios poderán obter entre 1.000 euros e 7.000 euros por cada proxecto.

## Licitada a subministración de servizos do Impulsa TIC

A Xunta de Goberno aprobou a licitación, por un importe de preto de 800.000 euros, dos últimos lotes da subministración de equipamentos e servizos tecnolóxicos que a institución provincial proporcionará de maneira gratuíta aos 52 concellos adheridos ao programa Impulsa TIC. Entre as ferramentas tecnolóxicas destaca a implantación dun chatbot con intelixencia artificial, integrado nas web de concellos de menos de 5.000 habitantes, unha experiencia piloto que é pioneira en España. Trátase dun asistente virtual, que ofre-

cerá atención ao cidadán as 24 horas dos 365 días do ano para resolver consultas dun xeito rápido e eficaz, e reducir a carga de traballo para os traballadores públicos. Ademais, nos lotes aprobados esta mañá tamén se inclúen equipamentos dixitais para dar una maior transparencia financeira.

A Deputación irá adxudicando o subministro do resto de equipos e servizos, que teñen que estar implantados o 30 de abril, data na que deberán estar finalizados todos os proxectos do programa Impulsa TIC.



Neste ano, subliñou, a participación da entidade provincial en feiras como FITUR, Xantar, Termatalia ou Produart. Así mesmo, manterá a estreita colaboración que mantén co tecido asociativo e cos concellos da provincia para facilitar a súa actividade diaria, accións concretas ou novas dotacións que camiñan cara un turismo máis atractivo, sostible e

desestacionalizado.

Rivera Capón tamén avanzou a continuidade das liñas do Plan Deputación que inclúen accións e actividades en materia turística, e que no pasado ano ascendeu a preto de 150.000 euros destinados a impulsar a promoción de recursos turísticos, feiras e festas, ou campañas de promoción.



# DEPORTES

## As Pontes celebra a XXXI Carreira pedestre de San Xosé o día 17

O Concello das Pontes organiza a XXXI Carreira Pedestre de San Xosé. A proba, que se celebrará o 17 de marzo está incluída no X Circuito de Carreiras Deputación da Coruña e no calendario oficial das competicións da FGA, e discorrerá por un circuito urbano homologado.

A proba comezará ás 11:00 da mañá, na Rúa 8 de marzo, coas categorías escolares que terán que recorrer, 75 metros no caso da sub categoría biberón mentres que as categorías sub 8, sub 10, sub 12, sub 14 e sub 16 deberán dar entre unha e catro voltas ao circuito A (430 metros aprox). As persoas participantes na categoría sub18 terán que completar unha volta ao circuito B (5 quilómetros).

As categorías absolutas (sub 18, sénior, máster 35, máster 45 e máster 55) tomarán a saída ás 12:00 hora para recorrer un trazado de cinco quilómetros. Todas as persoas participantes na categoría biberón recibirán unha medalla e haberá premio en metálico para a absoluta.

A inscrición realizarase a través da url inserida na páxina web da Federación Galega de Atletismo [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) ata as 23.59 horas do 13 de marzo de 2024.

## A Madalena opta a acoller as sesións do Mundial de fútbol

A carreira por formar parte da candidatura final española para o Mundial 2030 continúa aberta con todas as opcións intactas para A Coruña e Vigo, as dúas cidades que confirmaron o seu desexo de acoller partidos da cita mundialista.

A Real Federación Galega de Fútbol elaborou unha proposta que trasladou á RFEF cunha serie de campos de fútbol que complementan as sedes da Coruña e Vigo. Campos que son presentados como posibles sub-sedes. Varios técnicos da RFEF visitaron Galicia para inspeccionar estas instalacións para valorar se cumpren as esixencias como posibles campos de adestramento e dese xeito pasar a formar parte das candidaturas.

A proposta inclúe estadios distribuídos por toda Galicia, todos de céspede natural, como A Malata en Ferrol, Anxo Carro de Lugo, A Magdalena de Vilalba, Ponte dos Brozos de Arteixo, Pasarón en Pontevedra ou o Verónica Boquete de Santiago, entre outros.

## O pontés Miguel Alvariño retírase da carreira dos Xogos Olímpicos

O seteiro Miguel Alvariño confirmou a súa retirada do ciclo clasificatorio para acceder ao equipo de España para os Xogos Olímpicos de París, que terá lugar este ano, co obxectivo de "preservar" a súa "saúde mental". O deportista pontés, que foi olímpico en Río de Janeiro, comunicou a súa baixa alegando que levaba "varios meses pelexando" contra si mesmo e os seus "pensamentos negativos para sacar forzas de todos os sitios para afrontar o reto".

"Esta fin de semana deime conta de que necesito preservar a miña saúde mental fronte ao esgotamento psíquico que acumulo desde hai uns anos", indicou na súa mensaxe, no que sostivo que esta "fin de semana sentín que o vaso estaba a piques de exceder e débome a min mesmo priorizar a miña saúde".

Alvariño, na actualidade na praza 18 da listaxe mundial de arco recurvo, afirmou que "a xente que me quere aconséllame parar, tomar distancia e reflexionar sobre o meu futuro, como persoa primeira, logo como deportista", e cre que ten que "facer-



lles caso esta vez máis que nunca".

A pesar de que o seteiro expresou que "abandonar nunca estivo no meu dicionario" alegou que e dez anos "consecutivos no equipo nacional, ano tras ano pelexando contra vento e marea, sempre sometido a xuízo e presión, fan efecto".

"Aínda que o tentei tapar desde hai un tempo, teño que recoñecer que non me atopo ben", apuntou o deportista, que mostrou o seu desexo de "pensar que isto non é un adeus e soamente é un ata logo, pero o tempo dirá cal é a decisión correcta

e cara a onde debo ir".

Miguel Alvariño agradeceu o apoio de amigos, compañeiros, patrocinadores e todas as persoas "que colaboraron e contribuíron aos éxitos destes anos, tamén aos que non", porque lle fixeron "máis forte e sobre todo mellor persoa".

O seteiro conta con 26 medallas internacionais e séntese "honrado e orgulloso do camiño percorrido". Polo tanto, pediu aos seus seguidores que lle permitan "desconectar un tempo, afastarme, tomar perspectiva e ver que camiño debo seguir".

## A Ruta BTT da Feira do Queixo San Simón de Vilalba regresa o 6 de abril

O sábado 6 de abril, volverá celebrarse a Ruta BTT do Club Ciclista Terra Chá, que recupera a súa data habitual durante a Feira do Queixo San Simón da Costa.

Para este 2024 a organización ten preparado un traxecto inédito nun 90% e contará con tres distancias e niveis de dificultade de 60, 50 e 37 quilómetros e que percorreren os concellos de Vilalba, Muras e Xermade.

Como outras novidades, este ano cámbiase un pouco o formato e saírase ás 11:00 horas desde a Praza da Constitución, durante a celebración da feira.

Aqueles que participen contarán con abundantes avituallamentos, servizo médico, servizo de asistencia mecánica en ruta feito por @laclascalugo, e petiscos para comer á chegada.

Para rematar o día, como opción, todos aqueles que o desexen, poderán asistir á cea no Restaurante Montero, a partir das 20:30 horas.

As inscricións abríronse en febreiro en [CCnorte.com](http://CCnorte.com).

## O Vilalba FS feminino B remata a Liga segundo pero non logra o ascenso polo gol average

O Grupo Forma-T Vilalba B feminino rematou o campionato de Liga na fase de grupos da Primeira Autonómica. As vilalbesas finalizaron con vitoria, 5-1 ao Taboada, pero non conseguiron o ansiado ascenso por moi pouco.

Ocupan a segunda praza da clasificación empatadas a puntos co Burela B, equipo que si estará na Preferente o ano que vén. Foi o gol average o que marcou a diferenza entre os dous equipos, xa que cravaron resultados con 15 vitorias e unha derrota. O equipo verde fixo unha gran tempada e aguantou invicto ata fai dúas xornadas, cando caeu precisamente ante o Burela. No partido de ida foi precisamente o Vilalba B o que venceu o duelo entre eles.

Por outra banda, ao primeiro equipo feminino aínda lle quedan xornadas por disputar pero leva tamén unha gran tempada xa que ocupa o segundo lugar da táboa, a seis puntos do líder, o Fisober.

Nos 21 partidos disputados só perdeu unha vez aínda que tivo conformarse co empate en tres ocasións. As vilalbesas non poden despistarse no seu propósito xa que teñen ao 5



Coruña dous puntos por abaixo e o Ribeira tampouco está na pelexa. Os catro teñen moita vantaxe co quinto, polo que todo indica que o título será para un deles.

**TORNEO ENTROIDO.** Aproveitando o Entroido, celebrouse en Castro Ribeiros de Lea o I Maratón de Fútbol Base Feminino da Vila De Castro, en prol da igualdade. Clubs da contorna

sumáronse a esta competición que se repartiu en dúas xornadas.

O sábado disputáronse os partidos das categorías benxamín e infantil. Para as máis pequenas foi un triangular, xa que só participaron tres equipos. O gañador foi o Burela. Na infantil foron cinco os equipos participantes e o vencedor foi o club anfitrión, o Castro.

O martes foi a vez dos alevíns e os cadetes. Na primeira categoría a vitoria foi para o Parrulo mentres que o Castro repetiu vitoria na outra.

Ademais dos equipos vencedores estiveron o Ribeira, o Lago e o Ovifem. A sesión contou con concurso de disfraces e a presenza de xogadoras do primeiro equipo feminino, que firmaron autógrafos para as súas fans.

**COPA.** A final da Copa Galicia de Sénior feminina de fútbol sala non contará con representación da provincia de Lugo logo de perder os dous finalistas, Burela e Castro, nas semifinais. O Castro FS, que xogou na casa, caeu por 0-3 ante o Marín. As chairegas fallaron moito na porta e iso castigounas ao final, cando encaixaron dous goles.



## Fernando Corredoira substitúe a Casanova no banco do CD Castro

O CD de Castro presentou a fichaxe de Fernando Corredoira como novo técnico do primeiro equipo logo da destitución a semana pasada de Rafael Casanova debido aos malos resultados do equipo, que se atopa a un paso do descenso.

Corredoira xa dirixiu ao equipo a pasada fin de semana, na que logrou sumar un punto no campo do terceiro clasificado, o San Tirso. Para dirixir o CD Castro, o técnico deixou ao San Roque, de Segunda Galicia.

A tarefa do novo adestrador será sacar ao CD Castro do perigo lle supón estar a dous puntos do descenso. Cando recibiu ao equipo este levaba 23 partidos disputados, cun cómputo global de 12 derrotas, 7 vitorias e 4 empates. Foi precisamente a xeira de derrotas desde que comezou o ano o que levou ao club a tomar a decisión do despedimento de Casanova.

“Con ampla experiencia como xogador e tamén como adestrador



en distintas categorías, un home de diálogo e compromiso que chega a esta Familia para tratar de axudar ao equipo nesta recta final da competición e acadar os obxectivos marcados”, explican desde o club.

Rafa Casanova ocupou a dirección do equipo chairego no mes de xaneiro do ano pasado, despois do anuncio da dimisión de Juan Peón “por motivos persoais”. Casanova, que chegou ao club despois de ser cesado nas Pontes tamén por malos resultados, recolleu ao club na sexta

posición da táboa e levouno ao ascenso a Preferente.

**PM FRIOL.** Fabiola Solorzano Perozo incorporouse ao PM Friol mediada a tempada. A xogadora, natural de Yaracuy (Venezuela), procede do Adiffem, co que foi subcampioa de Liga. Ten unha ampla experiencia no seu país, tras xogar en clubs como o Yaracuyan FC, onde foi campioa de Liga e xogou a Copa Liberadores. Ademais, é internacional absoluta con Venezuela. Pode ocupar calquera posición de ataque, destacando pola súa velocidade e compromiso. A xogadora súmase a un equipo que está a realizar unha boa tempada na categoría de Terceira Federación, onde ocupa os postos altos da táboa, entre os seis primeiros, logo de dez vitorias, cinco empates e cinco derrotas. Quitando ao Avilés, equipo moi destacado, o resto están moi apertados. De feito o segundo está a só nove puntos do PM Frio

## Arranca a Copa Deputación para equipos de Preferente e Primeira

A Copa Deputación aproveitou o descanso de Entroido na Liga para celebrar a ronda previa para as categorías de Preferente e primeira Galicia.

Dos tres equipos da categoría superior que xogaron, dous conseguiron o pasaporte para oitavos, o Residencia, que derrotou ao Outeiro de Rei, e o Lemos, que fixo o mesmo co Monterroso. Pola contra, caeu o Castro ante o Escarón, que está situado na parte alta como serio aspirante ao ascenso.

Os outros tres finalistas foron o Milagrosa, que venceu ao Guitiriz, e o Meira, que superou amplamente ao Burela. O terceiro foi o Santaballés,

que se clasificou na quenda de penaltis ante o Guntín despois de empatar o partido 2-2.

Aproveitouse tamén a sesión para disputar un partido de oitavos, o Riotorto-Chantada Atlético, que terminou cunha vitoria ampla do equipo chantadino (1-4).

**SEGUNDA-TERCEIRA.** Para estas dúas categorías foi a segunda sesión de Copa, a de dezaseisavos, e na que só catro equipos de Terceira sobreviviron para xogar os oitavos.

Nos duelos entre equipos de Segunda houbo algunhas sorpresas. Pola mínima lograron clasificarse Iberia e Muimenta; e con marcadores máis

ampos Brollón, Friol e Antas. Na quenda de penaltis, foi o Xermade o que se desfixo do Pastoricense.

A superioridade dos equipos de Segunda sobre os de Terceira chegou coas vitorias de Vilalbés B, Candelaria, San Roque, Becerreá e Paradela, con marcadores claros. A Comercial tivo que chegar aos penaltis.

Finalmente dous equipos de Terceira venceron aos de Segunda, o Casás derrotou por goleada ao Roupar e o Rubián nos penaltis acabou co Ferreira.

A estes súmanse as vitorias do Páramo e Piringalla ante rivais da súa categoría.

## A loita vilalbesa acada cinco ouros e catro bronce nos campionatos galegos

O Pazo dos Deportes de Lugo acolleu os Campionatos Galegos das categorías U13 e U17 nos que o Club de Loitas Olímpicas Vilalba alzouse co primeiro posto por equipos na categoría U13 ao acadar 3 ouros e 3 bronce en loita feminina e 2 ouros e 1 bronce loita masculina.

Os ouros en feminina foron para Alejandra Valle en menos de 45 kg, África Montenegro en menos de 60 kg e Jimena García en menos de 65 kg. Os bronce foron para Noela González

en menos de 60 kg e Noelia Vilasuso en menos de 65 kg. Tamén participaron Lara Fernández en menos de 40 kg e Carmen Paredes (- 65 kg).

Os ouros en loita masculina foron para Héctor Somoza en menos de 50 kg e Enrique Seoane en menos de 65 kg, mentres que Omar Guerreiro fíxose co bronce en menos de 35 kg. En masculino U13 tamén participaron Lucas García e Marco Gaute en menos de 40 kg, Antón González e Xavi Yañez en menos de 45 kg.

Bruno Pintos que loitou polo Lugo acadou o bronce en menos de 45 kg. Todos os deportistas tiveron un gran desempeño tendo en conta que era a primeira competición dos U13 co regulamento oficial, pero os resultados femininos teñen un sabor especial por seren os primeiros podios en loita feminina na historia do club vilalbés. Na categoría U17 tiveron a representación de Kevin Cuba, que dominou a categoría facéndose co ouro en menos de 92 kg.



## Membros do Billar Adai forman ao alumnado de Friol neste deporte

Pablo Marqués e César Vilarín, membros do Club de Billar Adai do Corgo, achegáronse ata o CPI DR López Suárez de Friol para realizar diferentes sesións co alumnado do centro e explicar os nenos e nenas os fundamentos técnicos deste deporte.

O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria, así como o de 3º e 4º da ESO, foi partícipe dunha sesión de iniciación ao billar como continuación da xornada de portas abertas

e visita dos alumnos ás instalacións do Club de Billar de Adai realizada no mes de novembro, enmarcada dentro das Xornadas Xogade.

Esta sesión aconteceu tras deixar ao centro a mesa de billar de 7 pés durante o curso, para que os rapaces poidan xogar nos períodos de lecer. “Estamos moi contentos de que os propios alumnos da ESO puxeran xa en marcha un torneo de billar interno”, din desde o club.



## Troitas Bravas triunfaron no aberto de billarda celebrado en Riotorto

**Por Daniel Rodríguez Saavedra.**

A rebeldía da infancia é un estado de conciencia que se acaba o día no que un charco é percibido coma un obstáculo e non coma unha oportunidade.

Na LNB nunca cesan as hostilidades, chuvia, lóstregos e troncos contra unha banda sonora e folia de ruta establecida. Na moa do Valar xa ruxe a Resposta Indíxena.

Mollarnos, embarrarnos e rirse de todo libéranos e permítenos ser rebeldes e transgresores coma nenos que fan caso omiso das normas establecidas.

Así saltamos ao campo da Veiga de Riotorto. Coa xusta tolemia que caracteriza o espírito indomable da LNB, saltando regos e valados.

E entre todos os participantes os tres máis nenos e quizais máis tolos na xornada do domingo foron Ismael

de Outeiro, terceiro clasificado, David Navallo subcampión e Sandonguero, o gran campión da xornada na categoría absoluta con vinte catro puntos.

Por equipos foron as Troitas Bravas Billarda os que non só gañaron a xornada, senón que deron un golpe case definitivo á clasificación xeral de escuadras. Aroa de Billardeiros Musicais foi a brava campioa feminina e Diego dos Centro Social Madia Leva campión infantil.

Fantástico traballo das Troitas Bravas, organizadoras deste aberto, comandadas polo actual co-líder da LNB Sachas Sachas que malia as previsións meteorolóxicas sempre mantiveron a firmeza e decisión de disputar este aberto sen facer caso das “recomendacións” da Xunta nin de outras institucións que nos queiran acadarmar.



# COLABORACIÓNS

## Matemáticas Socioafectivas

### O PUPITRE



Julio Díaz

**E**u que son un apaixonado das “mates” acollín con certo desacougo os resultados do PISA onde se constata unha caída de cinco puntos en Matemáticas no noso país. De inmediato, o Presidente do Goberno amosou un plan de reforzo en Matemáticas e Comprensión Lectora tras eses desastrosos resultados. Vexo ben que o noso Goberno relacione as dúas cousas, xa que ambas as dúas van da man. Os meus alumnos sempre me escoitaron dicir que as Matemáticas son a linguaxe da ciencia. Moitas deficiencias dos nosos rapaces/zas co razoamento matemático e a resolución de problemas veñen de que non comprenden o enunciado de ditos problemas, non entenden o que lles preguntamos. Pero vamos a esa proposta para profes de Pilar Alegría con ese

método de matemáticas “socioafectivas”. O 46% dos escolares españois expresaron no cuestionario de PISA que causaban moita tensión os deberes desta materia, mentres que a un 39% provocáballes “indefensión”. É por iso que o Ministerio cre que se debe fomentar o sentido “socioafectivo” desta materia, porque aparte de achegalos ao alumno/a, logrando eliminar esa ansiedade xeral, conseguírase un instrumento eficaz para aplicala na vida cotiá. As Matemáticas socioafectivas refírense a un tipo de enfoque educativo nesta materia que recoñece a interacción entre as emocións, o entorno social e a aprendizaxe das matemáticas. Dito doutra maneira, en lugar de limitarse a unha mera transmisión de conceptos e procedementos mecánicos, esta proposta busca crear un ambiente de aprendizaxe no que os estudantes se sintan seguros, motivados e capaces de relacionarse coas matemáticas doutra maneira. Pero a min, o termo Matemáticas

socioafectivas gústame máis ben pouco. Na ensinanza das matemáticas hai dous compoñentes: unha cognitiva e outra socioafectiva, que ten moito que ver coa actitude dos alumnos cara as Matemáticas, a súa capacidade para procesalas e en última instancia, de usalas para resolver problemas e reducir a ansiedade matemática que teñen os nosos alumnos. Eu como docente só tiña unha preocupación que era “enganchar” aos meus alumnos/as e intentaba captar a súa atención e o interese pola materia, intentando facela atractiva, escapando das leccións maxistráis e achegando o entorno máis próximo a eles ás miñas explicacións: falar de proporcionalidade mediante uso de receitas de cociña, cálculo de porcentaxes dun xogador de baloncesto, xogos de secuencias, puzzles xeométricos, empregar debuxos e pegatinas... As matemáticas son paixón, hai quen pensa que só están nas novas tecnoloxías, na IA e nos algoritmos; eu penso que a parte



humana é fundamental. As matemáticas non poden ser o óso das aulas. Son a linguaxe da ciencia e da natureza. Son obxectividade e

precisión. Se mostramos as matemáticas como unha repetición de actividades monótonas, nunca chegaremos ao noso alumnado.

## Outro dos imprescindibles

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**D**esde que a un servidor lle deron a oportunidade de colaborar co xornal Terrachaxá, tanto nos primeiros cen artigos, recompilados na publicación ‘En Cincuenta Mil Palabras’, como na columna actual, Coa Nosa Voz, gabouse o bo facer e a traxectoria de cegos que amosaron un compromiso e unha implicación considerables co propio, cunha realidade moitas veces difícil e complicada para a xente que lle tocaba vivirla, e por suposto coa lingua e cultura galegas. Estes homes merecían cumprido recoñecemento, xa que en contornas e épocas hostís, eles deron a cara polos demais, loitando contra as inxustizas e as causas que as provocaban. En múltiples ocasións foron incomprendidos e incluso nalgúns casos desprestixiados e obxecto dunha forte

crítica. Curas que rompían moldes nun clero que adoitaba cingirse ás consignas que viñan ditadas polas altas esferas, sen saír do rego e sen cuestionamentos. Exemplos como os chairegos Xosé Manuel Carballo, o cura que facía maxia, Bernardo García Cendán, dunha talla intelectual impresionante, Jesús Rodríguez, que saíu de Donalbai para Chile, país onde desenvolveu o seu ministerio –falecido hai uns meses–, Chao Rego, ou Alfonso Blanco, do que non fai falta dicir nada e afortunadamente aínda se atopa con nosoutros. E outra figura á que lle outorgamos a categoría de imprescindible, xunto a tódolos anteriormente citados, é Xesús Mato. Foi en pleno Entroido do presente ano cando se produciu o seu pasamento. Natural de Paradela, ao seu labor pastoral súmanselle outros méritos dignos de comentar e salientar. No ámbito social, destacou por ser un dos impulsores na cidade de Lugo de Auxilia, unha asociación que loita a prol dos dereitos das persoas con dis-



capacidade. Máis valor cabe aínda darlle porque ese feito aconteceu durante os anos setenta, cando homes e mulleres queixados de minusvalías apenas tiñan máis vida alén das fronteiras do entorno familiar. A raíz da súa obra neste eido, empezouse a visualizar a realidade dun colectivo totalmente esquecido e escondido do resto da sociedade. E en segundo termo, o padre Mato será lembrado neste País pola súa faceta mu-

### O RECUNCHO DE CANELINA



sical e pola participación como fundador de Fuxan Os Ventos, tamén na década dos setenta, un grupo que contribuíu a revivir a música galega, utilizando as letras cunha marcadísima significación social. Son moitas máis virtudes a destacar deste home ao longo dos seus noventa e un anos de vida. Non se debe esquecer o seu traballo como profesor e escritor. E como non, o valor que se lle debe dar pola súa obra na emisión de misas en galego desde

Radio Popular de Lugo. A Igrexa e a Lingua en Galicia, unha relación que dá moito para falar. Todo o mencionado e moito máis forma parte do haber deste home, que pertence tamén ao grupo dos bos e xenerosos. Afortunadamente, en vida foi obxecto de homenaxes, premios e recoñecementos, todos eles máis que merecidos. A partir de agora, corresponderanos traballar para que non se esqueza o seu legado e que a súa memoria perdure nos anos vindeiros.



# Salvemos a casa de Díaz Castro

## FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

**O** noso poeta, Xosé María Díaz Castro, nacido no 1914 na aldea do Vilariño dos Cregos, da parroquia dos Vilares, é, sen dúbida algunha, a figura máis relevante da nosa parroquia e do concello de Guitiriz, pois foi el quen puxo esta parroquia e o seu concello no mapa mundial e hoxe, quen queira saber onde naceu un dos mellores poetas galegos da posguerra ten que pousar o dedo encima desa parroquia do concello gutiricense. Este feito é unha honra para os seus veciños, que debemos poñer en valor todos os habitantes do concello e a propia institución municipal. Temos moitos exemplos de que merece a pena darlle valor ás casas dos poetas, como a de Manuel María e Uxío Novoneyra, atraendo xente doutros lugares para visitar esas terras. Ademais, O Vilariño dos Cregos, que o poeta consideraba o seu paraíso, ten o valor engadido de ser un lugar encantador de tres casas, que no seu tempo foron as mellores da parroquia; con unha pequena ermida e unha paz, harmonía e beleza difíciles de superar.

Trátase dun lugar propicio para que acudan as musas e a inspiración artística; unha aldea tan encantadora que non é de estrañar que o propio Díaz Castro dixera: "Cando eu esteña sobras árbores,/ sobros páxaros i as estrelas,/ pediréi a Deus algunhas tardes/ me descolgue sobor da terra/ para volver percorreros/ vellos camiños da miña aldea".

A Asociación Cultural Xermolos, propietaria desa casa, e o IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz, son testemuñas do elevado número de solicitudes de institutos de toda Galiza para poder visitar o lugar, que hoxe non se atopa nas condicións necesarias polo perigo que supoñen os pallares e a veciña casa de Coira, en estado ruinoso e sen ningunha protección que delimite o seguro do inseguro, polo que o concello debería tomar cartas nese asunto, obrigando aos propietarios poñer os medios necesarios para evitar eses perigos.

Xermolos está disposta a convertela nunha "Casa da Xente", da que poidamos desfrutar todos e todas; onde se organicen actos culturais, charlas e conferencias para a xente dos Vilares e as que veñan de fora, con un pequeno museo e lugar de interpretación onde depositar todo o material sobre o poeta que recuperou Alfonso Blanco e os mobles que había na casa, que sacou de alí

no 2015 para que non se deterioraran; unha pequena sala de cine e incluso unha habitación e cociña, por si algún escritor ou artista plástico quere botar un tempo naquel remanso de paz e apartarse do mundanal ruído, no que todo son presas e nin sequera nos deixa tempo para pensar.

Compre recuperar esa casa antes de que sexa demasiado tarde, pois estase deteriorando irremediamente a pasos axigantados debido á práctica desaparición do lousado. Xa sei que nos Vilares tamén queremos recuperar a escola habaneira da Conchada, utilizada hoxe pola Asociación de Veciños e polos comuneiros do monte, pero unha cousa non quita a outra e, neste caso, o gasto necesario é mínimo, pois o lousado está en boas condicións e so necesita pintala por dentro, quitarlle o recebo de fora para deixar á vista as pedras que arrincou meu avó no Monte do Viso e poñerlle unhas portas e fiestras novas para que non entren os ratos nin o frío, pois as actuais xa cumpriron o seu centenario o ano pasado e están moi deterioradas. Ademais, ese lugar é apropiado para un centro de día ou un centro de ocio onde se poidan divertir e pasar o tempo os nosos maiores, actividades totalmente diferentes ás que pensamos desenro-



lar na aldea do Vilariño dos Cregos. O noso poeta foi tamén un home que mirou pola súa comarca natal e seguro que moitos veciños e veciñas dos Vilares e das parroquias arredor non saiban que Díaz Castro foi, polas súas influencias nos ministerios, quen conseguiu en Madrid os correspondentes papeis e permisos para que o seu veciño do Vilariño, Antonio Castro Carballeira, puidera traer a luz eléctrica á comarca e deixáramos así os candis de gas que cando era neno tantas veces me queimaron o pelo mentres estudaba.

Por iso temos que solicitarlle ao Concello de Guitiriz, á Deputación de Lugo e á Xunta de Galiza que se

poñan de acordo entre si e, coa axuda económica que poida aportar a Asociación Veciñal de Montes, non deixemos caer a casa natal dun dos poetas máis grandes da literatura galega contemporánea, non pola cantidade da súa obra, senón pola gran calidade dos seus poemas.

É o mínimo que lle debemos ao poeta todas as galegas e galegos e aquelas institucións que teñan un mínimo de sensibilidade coa nosa cultura e un pouco de amor polo noso pobo.

Nós seguiremos loitando ata conseguilo, para que Díaz Castro poida percorrer ledamente os vellos camiños da súa aldea que tantas veces andei con el e coa súa dona.

## TELÉFONOS DE INTERESE

### ABADÍN

Concello: 982 50 80 21  
Garda Civil: 982 50 80 11  
Centro de Saúde: 982 50 81 22

### A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60  
Garda Civil: 982 34 90 20  
Centro de Saúde: 982 33 21 41

### AS PONTES

Concello: 981 45 31 16  
Policía Local: 981 45 31 91  
Garda Civil: 981 45 00 05  
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

### BEGONTE

Concello: 982 39 61 43  
Garda Civil: 982 39 80 08  
Centro de Saúde: 982 39 69 02

### CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32  
Garda Civil: 982 31 40 02  
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18  
Castro de Rei: 982 31 42 11  
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

### COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57  
Garda Civil: 982 52 00 17  
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20  
Feira do Monte: 982 50 34 69  
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

### FRIOL

Concello: 982 37 50 01  
Garda Civil: 982 37 50 02  
Centro de Saúde: 982 37 10 98  
Cita Previa 982 37 10 05

### GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00  
Garda Civil: 982 37 00 01  
Centro de Saúde: 982 37 21 10  
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

### MEIRA

Concello: 982 33 01 02  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 35 69 27  
Cita previa: 982 33 02 40

### MURAS

Concello: 982 50 00 01  
Garda Civil: 982 50 00 20  
Centro de Saúde: 982 50 01 23

### OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Ambulancia: 982 23 16 13  
Centro de Saúde: 982 39 25 98  
Cita previa: 982 39 32 67  
P.A.C.: 982 39 34 00

### POL

Concello: 982 34 50 29  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

### RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Centro de Saúde: 982 39 01 01

### RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

### VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16  
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50  
Garda Civil: 982 51 03 07  
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

### XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27  
Garda Civil: 982 50 10 08  
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)



### TELÉFONOS DE INTERESE

**Emerxencias: 112**  
**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**  
**Garda Civil: 062**



# TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

[redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924  
E-mail: [redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU-517-03  
ISSN 2660-4507



## DE RUTA EN RUTA

# Friol: De Miraz a Sobrado dos Monxes

Esta ruta forma parte do trazado do Camiño de Santiago, concretamente é a segunda etapa, que une o Primitivo co Norte

Unha das alternativas do Camiño da Costa é a ruta de Friol a Sobrado dos Monxes, duns 25,5 quilómetros de distancia de sen caracterizada como fácil xa que é máis ou menos chá sen grandes altibaixos polo que se fai cómoda de percorrer. É a segunda etapa do itinerario que une o Camiño Primitivo co Camiño Norte. Estiman que o percorrido pode durar unhas catro horas. Trátase dun percorrido moi popular para *mochilear*, o sendeirismo e MTB.

Trátase dun percorrido que transcorre todo por carreiros, camiños e algún que outro tramo de pista. Escasamente ten dous quilómetros de asfalto. Todo iso nunha contorna totalmente natural rodeados de piñeiros e pradería.

Esta variante é unha moi boa alternativa para fuxir das aglomeracións dos Camiños oficiais, e non desmerece, en absoluto, de beleza en canto á súa contorna. Ademais contén dúas xoias do patrimonio, a Fortaleza de San Paio de Narla, en Friol, e o Mosteiro de Sobrado dos Monxes, como punto final da ruta.

A ruta arranca na localidade de Miraz, que é onde está uno dos alber-



gues oficiais do Camiño. Sen dúbida, a primeira visita obrigada é a poderosa fortaleza de San Paio de Narla, que hoxe alberga a sección de etnografía do Museo Provincial de Lugo. Trátase dunha fortaleza de orixe descoñecida reconstruída no século XVI. Ten un corpo central flanqueado pola torre da Homenaxe e por un gran torreón.

En 1939 é adquirida pola Deputación Provincial de Lugo que, en 1983, convérteala en Museo histórico e etnográfico, trasladando a ela boa parte das coleccións etnográficas do Museo de Lugo.

Nas seccións de Etnografía contén, apeiros de labranza, utensilios para a preparación da la e o liño, cerámica popular e industrial, obxectos relacionados coa equitación e moito máis, e na Armería, armas brancas e de lume de diferentes épocas.

A planta baixa está formada polo patio, as cortes e a adega, acolle unha colección de útiles de traballos agrícolas, diversos obxectos de equitación e ferramentas para o tecido da la e o liño.



A planta primeira componse dunha cociña, un salón e outras estancias nas que podemos ver obxectos artísticos, mobiliario e enxoval doméstico. Na última planta, destaca unha cheminea renacentista, e desde alí pódese acceder ao almenado e contemplar a contorna da fortaleza. A capela, do século XVIII, separada do edificio principal, ten planta cadrada con tellado a catro augas, contén no seu interior un retablo do século XIX.

En Miraz pode visitarse tamén a Torre de Santiago de Miraz, do século XV. Rematada a visita, pártese dunha pista que pasa por Outeiro, As Laxes e onde se toma unha senda á esquerda que atravesa toxeias e bosquetes de pino.

O camiño continúa por A Braña, Portolamas, A Devesa e As Fontes, en San Mamede de Nodar, para facer unha pequena parada na Roxica. O percorrido continúa por pequenas aldeas como Mantelle, A Cabana,

Ledro, A Travesa de Ledro e Pedramaior. No Marco das Pías abandonamos a provincia de Lugo para entrar na da Coruña, xa que é onde empeza o tempo municipal de Sobrado. O nome de Marco é debido porque ata este pobo estaba o marco/marca/límite/fronteira xurisdiccional do mosteiro cisterciense de Sobrado dos Monxes.

O camiño pasa polos lugares de Vilaño, O Mesón, A Esgueva, Muradelo, Nogueira e finalmente a Guitizá, onde se atopa a lagoa artificial de Sobrado, que foi declarada espazo húmido de interese europeo, ademais de ter innumerables bosques poboados especies autóctonas.

Continuamos camiño desde Guitizá e chegamos ao mosteiro cisterciense de Santa María de Sobrado. Espectacular monumento de estilos renacentista e barroco con estancias medievais como a cociña, a sala capitular e a capela de San Xoán. Fundado en 952 como mosteiro dúplice ou mixto, é dicir, para mulleres e homes, foi un dos grandes centros de poder de Galicia.

## DATOS



4 horas



25 quilómetros



Dificultade baixa



# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



formación integral de empresas

## Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
Telf.: 982 51 36 05